

## Galicia e El-Rei ou como reinar desde a distancia: comunicación política arredor de dous novos privilexios rodados de Xoán II<sup>1</sup>

Miguel García-Fernández<sup>2</sup>; Diana Pelaz Flores<sup>3</sup>; Ricardo Pichel<sup>4</sup>

Recibido: 15 de maio de 2020 / Aceptado: 5 de outubro de 2020

**Resumo.** O obxectivo principal deste traballo é editar e contextualizar dous privilexios rodados de Xoán II referentes a Galicia recentemente localizados na Biblioteca de Catalunya, un deles desaparecido desde o século XIX e outro cuxo contido íntegro era descoñecido até o momento. Ao mesmo tempo, ofrécese unha primeira análise destes documentos rexios relativos a Ribadavia (Ourense) e ao mosteiro de San Vicenzo do Pino (Lugo), facendo fincapé na necesidade de abordar no futuro un estudo integral das relacións bidireccionais e da comunicación política entre o reino de Galicia e os seus monarcas, sobre todo durante a Baixa Idade Media, cando estes reinaron fundamentalmente desde a distancia.

**Palabras chave:** privilexio rodado; comunicación política; monarquía; Xoán II; Galicia; (Baixa) Idade Media; patrimonio documental antigo.

### [es] Galicia y El-Rey o cómo reinar desde la distancia: comunicación política en torno a dos nuevos privilegios rodados de Juan II

**Resumen.** El objetivo principal de este trabajo es editar y contextualizar dos privilegios rodados de Juan II referentes a Galicia recientemente localizados en la Biblioteca de Catalunya, uno de ellos desaparecido desde el siglo XIX y otro cuyo contenido íntegro era desconocido hasta el momento. Al mismo tiempo, se ofrece un primer análisis de estos documentos regios relativos a Ribadavia (Ourense) y al monasterio de San Vicenzo do Pino (Lugo), haciendo hincapié en la necesidad de abordar en el futuro un estudio integral de las relaciones bidireccionales y de la comunicación política entre el reino de Galicia y sus monarcas, sobre todo durante la Baja Edad Media, cuando estos reinaron fundamentalmente desde la distancia.

**Palabras clave:** privilegio rodado; comunicación política; monarquía; Juan II; Galicia; (Baja) Edad Media; patrimonio documental antiguo.

### [en] Galicia and El-Rei or How to Reign from a Distance: Political Communication around Two New ‘Privilexios Rodados’ by Juan II

**Abstract.** After the discovery of two ‘privilexios rodados’ granted by the king Juan II of Castile, concerning Galicia, in the Biblioteca de Catalunya, one of them disappeared since the 19th century and another unknown so far, the main aim of this paper is to publish both documents. At the same time, a first analysis of these royal parchments concerning Ribadavia (Ourense) and the monastery of San Vicenzo do Pino (Lugo) is offered, emphasizing the need to tackle in the future a global study of bidirectional relationships and political communication between the kingdom of Galicia and its kings, above all during the Late Middle Ages, when they reigned especially from a distance.

<sup>1</sup> Este traballo enmárcase dentro dos proxectos de investigación “HERES. Patrimonio textual ibérico y novohispano. Recuperación y memoria” (CAM 2018-T1/HUM-10230), dirixido polo Dr. Ricardo Pichel (UAH); “Espacios femeninos cortesanos: ámbitos curiales, relacións territoriais e prácticas políticas en los reinos de la Península Ibérica ca. 1252-1504” (PGC2018-099205-A-C22), dirixido pola Dra. Diana Pelaz Flores (USC); e “La casa señorial en Galicia (siglos XIII-XVI). Materiales para su estudio” (HAR2017-82480-P), dirixido polo Dr. Pablo S. Otero Piñeyro Maseda (IEGPS).

<sup>2</sup> Universidade de Santiago de Compostela. Instituto da Lingua Galega / Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (Consejo Superior de Investigaciones Científicas).

Correo-e: miguelgarciafernandez88@gmail.com; <https://orcid.org/0000-0002-6257-4654>.

<sup>3</sup> Universidade de Santiago de Compostela. Departamento de Historia.

Correo-e: diana.pelaz@usc.es; <https://orcid.org/0000-0002-5499-4739>.

<sup>4</sup> Universidad de Alcalá. Departamento de Filología, Comunicación y Documentación.

Correo-e: ricardo.pichel@uah.es; <https://orcid.org/0000-0001-9933-0293>.

**Keywords:** ‘Privilexio rodado’; Political Communication; Monarchy; Juan II; Galicia; (Late) Middle Ages; Ancient Text Heritage.

**Sumario.** 1. Xoán II e Galicia: o rei e o reino. Aproximación parcial a partir da documentación dunha chancelería rexia en reconstrución. 2. Dous privilexios rodados de Xoán II referentes a Galicia na Biblioteca de Catalunya. 3. Edición documental. 4. Conclusións. 5. Referencias bibliográficas.

**Como citar:** García-Fernández, M.; D. Pelaz Flores e R. Pichel (2020): “Galicia e El-Rei ou como reinar desde a distancia: comunicación política arredor de dous novos privilexios rodados de Xoán II”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 23, pp. 139-180.

O estudo da comunicación política entre as xentes e institucións do reino de Galicia e seus monarcas ao longo do período medieval esixe atender a contextos e circunstancias moi diversas. Neste sentido, as presenzas ou as ausencias da figura rexia e/ou dos membros da familiar real no Noroeste peninsular constitúen un condicionante ou elemento de análise de primeira orde á hora de abordar a relación entre a monarquía e o reino<sup>5</sup>. Porén, desde un punto de vista historiográfico, o distanciamento físico

dos reis respecto de Galicia, especialmente a partir do século XIII, ten provocado un certo descoído ou despreocupación á hora de abordar as transformacións que se foron producindo nos tempos, nos modos e nas materialidades da comunicación e a praxe políticas entre o territorio galego e a monarquía<sup>6</sup>. Lonxe do interese que a historiografía galega ten manifestado cara a un rei privativo como García de Galicia<sup>7</sup> ou cara ao estudo dunha realidade alto e plenomedieval na que o espazo do Noroeste e, sobre todo, as súas elites aristocráticas tiveron un destacadísimo papel nas dinámicas e no seo da Coroa<sup>8</sup>, a Baixa Idade Media tense presentado como un período de estrañamento entre o espazo galego e a cabeza do corpo político no que este estaba incluído, derivando nunha notable despreocupación historiográfica pola monarquía no contexto da Galicia baixomedieval e, consecuentemente, pola historia política do reino nese tempo ao entenderse que non contaba con reis privativos senón con monarcas que estaban afastados do territorio –¿pero iso implicaba estar tamén despreocupados dos asuntos?– de Galicia<sup>9</sup>. Salvo pola existencia dalgúns traballos concretos que evidencian as

<sup>5</sup> Véxase unha síntese desas visitas e ausencias rexias desde Fernando I até Carlos I en forma de táboa en Barros 1990: 255-256.

<sup>6</sup> Así se pode comprobar nalgunhas das principais sínteses sobre a historia (medieval) de Galicia que, a partir do reinado de Fernando III –cando tivo lugar a unificación da Coroa castelá-leonesa en 1230–, deixan de prestar atención ao papel da monarquía –ou dos axentes rexios– sobre o territorio galego, practicamente até o reinado dos Reis Católicos. De feito, nelas son escasas as mencións a monarcas baixomedievais como Sancho IV, Afonso XI, Xoán I, Henrique III ou Xoán II, saíndo desa lóxica os casos de Pedro I e Henrique II pola importancia dos seus reinados en cuestións como o papel da nobreza galega na guerra civil de 1366-1369 e, consecuentemente, no inicio da dinastía Trastámara, así como o de Henrique IV no contexto da revolta irmandiña. Véxanse, por exemplo, Pallares e Portela 1991, 2007 ou López Carreira 2013: 145-174. Fronte a elas, sae desta tendencia a síntese de Andrade Cernadas e Pérez Rodríguez 1995: 177-206, onde a evolución política é estudada con regularidade desde a Galicia xermánica até o reinado dos Reis Católicos, este último inclusive. Tamén en Recuero Astray 2008 cobra importancia a historia política como argumento principal da súa síntese sobre a historia medieval de Galicia, mais monarcas como Xoán I, Henrique III ou Xoán II non son mencionados.

<sup>7</sup> Véxase sobre este monarca Portela Silva 2001, aínda que, polo seu carácter pioneiro á hora de recuperar a figura do rei García para a historiografía actual, tamén podemos destacar os traballos de Andrade Cernadas 1997, 1998 e 2001.

<sup>8</sup> Ademais das sínteses sinaladas *supra*, poden ser referidos moitos outros traballos, realizados ás veces desde presupostos metodolóxicos (e incluso ideolóxicos) diferentes. Véxanse, por exemplo, Baliñas 1988, 1992; López Teixeira 2010, 2013; Portela Silva 2019. De todos modos, entre todos eles destaca pola súa vontade de abordar unha historia de conxunto da realidade política da Galicia medieval, López Carreira 2005. Mención á parte merece o polémico libro de Camilo Nogueira (2001) no que reivindicou o pasado medieval do reino galego (ou galaico?) pero que, a pesar de converterse nun importante referente extra-académico para un sector da sociedade galega, presenta problemas historiográficos importantes como os sinalados en Pérez Rodríguez 2010: 75-80. Recentemente cómpre destacar a aparición dun ensaio de corte divulgativo no que se reflexiona sobre o proceso de desmemoria colectiva en relación ao reino medieval de Galicia, insistindo na necesidade de recuperar para o relato historiográfico a entidade histórica do vello reino, especialmente destacada e destacable pola súa importancia entre o século V e os inicios do século XIII (Andrade Cernadas e López Carreira 2020).

<sup>9</sup> Esta perspectiva resulta especialmente evidente na obra xa citada de López Carreira 2005, onde os séculos XIV e XV apenas ocupan unha vintena de páxinas fronte ás 400 que estudan os séculos anteriores, e mesmo o século XIV é abordado atendendo só ás “efémeras separacións do século XIV” cos seguintes epígrafes: “o infante Xoán, rei de Galicia-León (1296-1301)”, “goberno do infante Felipe”, “Fernando I de Portugal, rei de Galicia” e “Xoán de Gante, duque de Lancaster, rei de Galicia” (pp. 400-415). Nesta liña, tamén en sínteses divulgativas como López Carreira 2003, chama a atención a práctica condena ao esquecemento dos monarcas baixomedievais galegos, apenas

continuidades, as actuacións rexias e a importancia dos monarcas como axentes políticos-sociais e incluso como referentes idealizados da xustiza no propio imaxinario colectivo durante a Baixa Idade Media galega a pesar da distancia física (Andrade Cernadas e Pérez Rodríguez 1995: 177-206; Pérez Rodríguez 2015; Barros 1990: 26-31, 1996: 187-216), a día de hoxe parece facerse especialmente necesaria unha revisión desta situación por medio da formulación de novos interrogantes e hipóteses de traballo ao quefacer investigador –sobre todo no marco da nova historia política–, así como da edición (e reedición) dos distintos instrumentos que conforman o rico corpus documental que ilustra as relacións entre a monarquía e o reino de Galicia. Neste marco global é no que se integra este traballo que, ademais de animar a percorrer estas liñas de traballo, ten por obxectivo último recuperar dous privilexios rodados de Xoán II referentes a Galicia que localizamos recentemente na Biblioteca de Catalunya. Sendo o contido íntegro dun deles descoñecido –outorgado a favor do mosteiro bieito monfortino de San Vicenzo do Pino (Lugo)<sup>10</sup>– e o outro considerado até o momento como un documento desaparecido do arquivo municipal de Ribadavia cara a 1868 ou pouco despois –aínda que si se coñecía o seu contido (Meruéndano 1908)–, estímase oportuno editar ambos os dous documentos e ofrecer

unha primeira análise para os (re)integrar no discurso historiográfico (galego). Trátase, en definitiva, de ofrecer novos instrumentos de estudo –destacando neste caso o feito de estarmos ante dous privilexios rodados de coidada factura que se significan a si mesmos non só polo contido senón tamén pola súa propia materialidade<sup>11</sup>–, á par que se anima a recuperar ou dar continuidade a iniciativas previas como a conformación do corpus documental rexio de Galicia para analizar en profundidade as relacións entre os reis e os seus reinos atendendo, entre outros factores, a unha variable esencial como era a da non presenza dos monarcas no conxunto dos territorios sobre os que reinaban, especialmente no seo dunha monarquía complexa desde o punto de vista político-territorial como era a da Coroa de Castela na Baixa Idade Media, anunciando, dalgún modo, a “monarquía composta” da que, andando o tempo, tamén formou parte o reino de Galicia durante a Época Moderna (Elliot 2010: 29-40). En todo caso, polo momento prestaremos atención ao reinado de Xoán II e ás posibilidades documentais existentes para coñecer as relacións entre este monarca e as institucións e axentes políticos e sociais do reino de Galicia, sobre todo nun contexto como é o baixomedieval no que se estaba producindo o triunfo da “monarquía centralizada” no seo da Coroa de Castela (Monsalvo Antón 2019: 327 e ss.).

---

por ser compartidos polo conxunto da Coroa de Castela. O mesmo sucede en Carreiro 1995, obra con asesoramento histórico de Anselmo López Carreira, onde o último monarca referido é Afonso IX –ou VIII como reivindica unha parte da historiografía galega–: “Ao morrer Afonso, o Reino de Galicia uniuse a León e Castela, e xa nunca máis volveu haber neste vello país rei ou raíña propios que o gobernasen” (p. 26).

<sup>10</sup> De aí que non fora incluído na colección diplomática do citado mosteiro, na que xa se advertía da fragmentación e dispersión do arquivo monástico, destacando que “los diplomas del monasterio de San Vicente del Pino debieron ser muchos y ricos; no obstante la Desamortización de la primera mitad del siglo XIX y luego la feroz apropiación indebida por parte de particulares de documentación (tumbos, tumbillos, lucernarios, etc) hizo de todo punto dificultosa la tarea de una reconstrucción histórica total del monasterio monfortino”, ao que engade a “falta de colaboración por parte de particulares que actualmente tienen depositados en sus casas una gran parte de los fondos que aquí no pudieron ser recogidos” (Rodríguez Fernández 1990: 8).

<sup>11</sup> Neste sentido cómpre sinalar as posibilidades de aplicar enfoques interdisciplinares ao estudo do corpus documental rexio da Galicia medieval. Desta forma sería posible estudar con minuciosidade a decoración de pergamiños como os que aquí se publican –aspecto que acostuma quedar oculto para a comunidade de investigadores ante unhas edicións tradicionais en papel que non adoitan incluír unha reprodución fotográfica do conxunto de textos editados– e incluso prestar atención a outras cuestións de especial interese como tivemos a oportunidade de comprobar ao consultar os documentos rexios do Arquivo da Catedral de Ourense, onde actualmente está depositado un pergamiño de Henrique III outorgado a favor do mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil en 1398 (ACOu, *Fondo monacal*. Santa Cristina de Ribas de Sil, nº 3211), que se conservou cunha tea de seda cosida na súa parte superior, co anverso do tecido en contacto directo coa escritura rexia. Aínda que non se trata dun caso único (Feliciano 2019: 295-296), cumpriria abordar o tema no futuro pois parece que estamos ante algo máis que unha forma de protexer o documento. ¿É o valor dado ao texto o que explica que a parte decorada da tea sexa a que estea en contacto directo co mesmo ou cómpre pensar tamén nun sentido ritual de forma que ao “desvelar” o documento sexa visto tamén o complemento ornamental como nos suxire Francisco de Asís García y García, a quen agradecemos as súas suxestións interpretativas e bibliográficas?

## 1. Xoán II e Galicia: o rei e o reino. Aproximación parcial a partir da documentación dunha chancelería rexia en reconstrución.

A reconstrución do itinerario de Xoán II da man de Francisco de Paula Cañas Gálvez (2007) permitiu comprobar que non se documenta ningunha referencia que faga alusión a unha posible viaxe do monarca a Galicia. Non é un caso excepcional, xa que outros territorios tampouco contaron coa presenza deste rei<sup>12</sup>, a pesar da longa duración do seu reinado (1406-1454)<sup>13</sup>. Por outra parte, os itinerarios das raíñas consortes de Xoán II, dona María de Aragón e dona Isabel de Portugal, tamén evidencian que Galicia quedou á marxe dos desprazamentos rexinais<sup>14</sup>.

Máis alá de estarmos ante un rei e unha(s) raíña(s) ausentes, cómpre preguntarse se isto implica, dalgún modo, estarmos ante unha monarquía distante e allea aos acontecementos do reino de Galicia, un máis dos diversos reinos que encabezaba este monarca por herdanza dos seus predecesores. De feito, na súa *Historia de Galicia*, Benito Vicetto chega a comentar, despois de aportar algúns documentos deste rei referidos a Galicia, que, “después de consignar estos sucesos (...) que ni una sola línea ocupan en la Historia de España (...) ni un solo párrafo hay en el reinado de Juan II dedicado á Galicia, ni un solo periodo, ni siquiera en fin se la nombra” (1872: 29-30). Daquela, ¿estamos ante unha deformación historiográfica –aínda non revisada en tempos recentes debido ao escaso interese por profundar na relación entre Galicia e a monarquía nos tempos baixomedievais– ou ante unha realidade histórica? Xa Francisco Javier Pérez Rodríguez, ao estudar

a relación de Galicia coa monarquía durante os séculos XII e XIII, advertiu que “the physical absence of the king –from Galicia as well as, undoubtedly, from other territories of the Crown– did not imply the region’s abandonment by the monarchs or their loss of interest in their northern domains” (2015: 457). Ao mesmo tempo, “nor did the king’s absence from Galicia lead the Galicians to cease their participation in his initiatives” (*Ibid.*: 458). Unha serie de reflexións que, como indica o citado autor, deberían animarnos a estudar a realidade dos séculos XIV e XV.

Para tratar de abordar –ou mellor dito, valorar a posibilidade de estudar– a relación entre Xoán II e Galicia a partir da produción documental da súa chancelería, pode resultar útil, como punto de partida, achegármonos ao catálogo de documentos rexios elaborado por Sánchez Belda (1953) a partir dos conservados na Sección de Clero do Archivo Histórico Nacional de Madrid.

En termos absolutos, Sánchez Belda (1953: 547-565, docs. 1311-1357) rexistra un total de 44 documentos outorgados por Xoán II entre 1407 e 1453 referentes a Galicia. Por suposto, esta cifra non corresponde ao total de documentos expedidos pola chancelería do referido monarca en relación con persoas e institucións galegas (*vid. infra*). Mais pode servir como indicio de que, no tempo de Xoán II, o reino galego non permaneceu á marxe dos intereses rexios.

Cronoloxía	Docs.
1407-1410	17
1411-1419	3 <sup>15</sup>

<sup>12</sup> No prólogo da obra de Cañas Gálvez (2007: 14-15), José Manuel Nieto Soria sintetiza a intensa actividade itinerante do monarca, aínda que circunscrita a un ámbito espacial concreto, do seguinte xeito: “Fueron muchos los territorios de la corona castellano-leonesa que nunca vieron transitar a su rey o para los que la presencia real se limitó a una ocasión que no volvió a repetirse. Una sola vez viajó el monarca por tierras andaluzas, y no por razones de administración del reino, sino para llevar a cabo una entrada contra Granada en 1431. Ningún viaje se registra hacia Galicia y la cornisa cantábrica. Rarísimos son los viajes hacia Extremadura. Algo más frecuentes, pero tampoco demasiado los que se dirigen hacia tierras leonesas o los que van más allá de Burgos. Así se podrá comprobar la tendencia a la concentración en un territorio que acaba por definir lo que bien podría interpretarse como una especie de eje administrativo dentro del que se toman la mayor parte de las iniciativas gubernativas del monarca, y que es el que, básicamente, se sitúa en la línea que une Valladolid, Medina del Campo, Segovia, Madrid, Toledo”.

<sup>13</sup> A modo de biografía de conxunto sobre o monarca véxase Porras Arboledas 1995.

<sup>14</sup> Véxase Pelaz Flores 2017: 117-160 para a análise da relación das raíñas co territorio –máis alá de seguir ao marido nas súas viaxes– e pp. 301-314 para coñecer os itinerarios propiamente ditos.

<sup>15</sup> O deterioro dun dos documentos incluídos nesta cronoloxía impide concretar a súa data entre 1410 e 1419, transmitíndonos Sánchez Belda (1953: 555, doc. 1331) a seguinte información: “[Dada en... anno del nasçimient] to de nuestro Sennor Ihesu Christo de mill e [quatroçient]os e diez [+ 4 –] annos”. De todos modos, optamos por incluílo durante a minoría do monarca, é dicir, como anterior a marzo de 1419.

<i>Total minoría Xoán II (1407-07/03/1419)</i> <sup>16</sup>	20
1419-1420	9
1421-1430	8
1431-1440	5
1441-1450	0
1451-1454	1
<i>Total maioría Xoán II (07/03/1419-1454)</i>	23
Sen data	1
Total documentos Xoán II (1405-1545)	44 <sup>17</sup>

Táboa 1. Documentos de Xoán II referentes a Galicia (Sánchez Belda 1953)

Se máis alá dos números profundamos na cronoloxía e nos contidos dos documentos –relacionando ambos os dous aspectos–, resulta evidente que durante o reinado de Xoán II tivo lugar un destacado proceso de confirmación dos

privilexios outorgados polos monarcas anteriores a favor das institucións monásticas e tamén catedralicias galegas<sup>18</sup>. É por iso que abundan os outorgamentos na etapa inicial do seu reinado, aínda en minoría, e logo hai un novo incremento ao comezo do reinado efectivo. De feito, en 1420 rexístranse algunhas confirmacións dos privilexios outorgados en 1408 pola súa propia chancelería a favor de Oseira, Melón ou a Catedral de Mondoñedo (Sánchez Belda 1953: 556-558, docs. 1336, 1337 e 1339). Non estamos, por tanto, ante un monarca que se caracterice por conceder novos privilexios, senón que ratifica os que xa conseguiran as institucións relixiosas nos tempos dos seus predecesores. Ao fin e ao cabo, é preciso ter en conta que, a esas alturas, o proceso de intensa señorialización do reino de Galicia xa estaba máis que consolidado. Só excepcionalmente atopamos algunhas

<sup>16</sup> Precisamente, un documento datado en Madrid o martes 7 de marzo de 1419, día no que foi proclamada a maioría de idade de Xoán II, consérvase a través dun traslado do original realizado en Tui polo notario Xoán Rodríguez o sábado 11 de marzo de 1430, entre os fondos que custodia o Archivo Histórico Nacional pertencentes a Santa María de Oia (AHN, Clero Secular-Regular, carp. 1488, n.º 4). O mesmo non foi incluído por Sánchez Belda (1953) na súa relación de documentos rexios referidos a Galicia debido a que se trata dun documento xenérico polo que o monarca xurou nas cortes de Madrid gardar e facer gardar todos os privilexios do reino, sen realizar mención expresa a ningunha institución galega (Real Academia de la Historia 1866: 10-22).

<sup>17</sup> Non temos en conta entre os documentos de Xoán II un de 1436 que refire Sánchez Belda (1953: 564-565, doc. 1355) correspondente a unha “diligencia de la Contaduría del reino dando cuenta de haber recibido un albalá del rey (12 de abril de 1434, n.º 1.353 [que si temos en conta na cuantificación]) en que se ordenaba incluir en los *libros de lo saluado* el privilegio de dos mil maravedís de juro que tenía el monasterio de Santa María de Meira sobre las rentas de la corona y testificando que se le ha dado cumplimiento”.

<sup>18</sup> Esas institucións son: San Clodio do Ribeiro (confirmando o 9 de maio de 1407 en Segovia o privilexio outorgado a favor deste mosteiro polos seus antecesoros no trono), Santa María de Sobrado (confirmando en Segovia cartas de Henrique III de 1393 o 8 de xuño de 1407 e, en Valladolid, o 28 de abril de 1420), Hospital de Melide da Orde Terceira de San Francisco (confirmando o 13 de xullo de 1407, en Segovia, unha carta de Henrique III de 1391), Santo Estevo de Ribas de Sil (confirmando o 18 de xullo de 1407, en Segovia, unha carta de Xoán I de 1380), Santa María de Oseira (confirmando en Segovia o 21 de setembro de 1407 unha carta de Xoán I de 1379, así como dúas propias de 1407 e 1420, a primeira confirmada en Valladolid o 17 de abril de 1420 e a segunda en Madrid o 30 de decembro de 1434), Santa María de Melón (confirmando o 8 de marzo de 1408, en Alcalá de Henares, unha carta de Henrique III de 1395 e o día 17 de abril de 1420, en Valladolid, a súa propia de 1408), San Xulián de Samos (confirmando o 19 de marzo de 1408, en Alcalá de Henares, unha carta de Henrique III de 1399 e outra de Xoán I de 1379, así como o 12 de marzo de 1420, en Valladolid, unha de Henrique III de 1393), San Xusto de Toxos Outos (confirmando o 20 de marzo de 1408, en Alcalá, unha carta de Henrique III de 1401), San Salvador de Celanova (confirmando o 20 de xuño de 1408, en Alcalá, dúas cartas de Henrique III de 1401), Santa María de Meira (confirmando o 13 de agosto de 1408, en Alcalá, unha carta de Henrique II de 1372; o 22 de novembro de 1419, en Valladolid, unha de Henrique III de 1396, e outra deste mesmo ano e monarca foi confirmada por Xoán II cara a 1453; tamén entre 1410 e 1419 confirmou unha de Xoán I de 1380 a favor deste mosteiro), San Salvador de Vilanova de Lourenzá (confirmando en Valladolid o 4 de marzo de 1409 unha carta de Henrique II de 1371), Santa María de Oia (confirmando o 9 de maio de 1411, en Valladolid, unha carta de Henrique III de 1391; en Simancas o 5 e xuño de 1428 confirmou unha de Fernando IV de 1311, e, finalmente, fixo o mesmo coa outorgada pola súa propia chancelería en 1411 o día 18 de xaneiro de 1420 en Valladolid), San Vicens de Pombeiro (confirmando concesións dos antepasados en Valladolid o 2 de xuño de 1412), Santa María de Monfero (confirmando en Valladolid o 24 de maio de 1432 cartas de Afonso XI de 1331 e de Henrique III de 1401), San Martiño de Vilourente (confirmando nalgún momento do seu reinado un privilexio de Henrique III), Santa Clara de Allariz (confirmando en Valladolid, o 4 de maio de 1429, dúas cartas de Henrique III de 1391); e as catedrais de Lugo (confirmando o 7 de xullo de 1408, en Alcalá, unha de Henrique III de 1392 e dúas do mesmo monarca de 1401, así como a anterior do propio Xoán II de 1408, que foi confirmada en Valladolid o 6 de xaneiro de 1420, o mesmo día no que tamén confirmou unha carta de Fernando III de 1232) e de Mondoñedo (confirmando o 13 de agosto de 1408, en Alcalá de Henares, unha carta de Henrique III de 1404 e o 20 de xullo de 1420, en Valladolid, a súa propia de 1408).

outras disposicións como a orde remitida polo monarca aos seus contadores maiores para traspasar a favor do mosteiro de Santa María de Meira 2.000 mrs. de xuro que estaban inscritos a nome de dona Isabel Afonso, sendo a vontade desta que pasaran ao mosteiro para realizar un pago a favor da institución<sup>19</sup>. Tamén en 1424 foi outorgada unha provisión de Xoán II dirixida aos funcionarios reais de Galicia dando conta de que tomaba baixo a súa protección os monxes de San Pedro de Soandres ante as queixas que lle remitira o abade contra algúns cabaleiros e ricos-homes galegos polos abusos que estes perpetraran contra a institución e os seus relixiosos (Sánchez Belda 1953: 560, doc. 1344). E en 1484 un albalá do monarca ordenaba aos seus contadores maiores que borrarán dos *libros de las mercedes* 2.000 mrs. que pertencían a Santa María de Meira sobre as rendas da Coroa, para inscribilos nos *libros de lo salvado* (Sánchez Belda 1953: 564, doc. 1353).

Esta documentación recollida por Sánchez Belda procede de fondos eclesiásticos –fundamentalmente monásticos– e, polo tanto, son estas institucións as grandes protagonistas dos mesmos. Mais non por iso debemos esquecer que outros fondos e arquivos conservan documentos de Xoán II referidos a mosteiros galegos, continuando, en boa medida, a lóxica de confirmación dos privilexios anteriores. Así, podemos sinalar, por exemplo, as confirmacións de Xoán II outorgadas en Valladolid o 23 de xaneiro e o 7 de maio de 1420 a favor do convento e hospital de Sancti Spiritus de Melide<sup>20</sup> e do mosteiro de Caaveiro<sup>21</sup>, respectivamente, ou unha carta expedida pola chancelaría real en Segovia o 20 de xullo de 1407 a favor de Santa Cristina de Ribas de Sil<sup>22</sup>, entre outros<sup>23</sup>. Ademais, esoutros documentos localizados poñen de manifesto outras realidades en torno á relación dos mosteiros coa monarquía, caso da ración que lle pertencía a esta no mosteiro de Celanova<sup>24</sup>.

<sup>19</sup> Sobre esta disposición de 1421, coa súa confirmación en Toledo o 17 de decembro de 1422, véxase Sánchez Belda 1953: 558-559, docs. 1340-1341.

<sup>20</sup> O pergamiño consérvase no Arquivo da Fundación Penzol, *Colección B de documentos soltos*, coa cota PLA-04/169. Sánchez Belda (1953: 546, doc. 1313) fai referencia a un documento de Xoán II a favor desta mesma institución, recuperado a partir dunha confirmación dos Reis Católicos (AHN, Clero Secular-Regular, carp. 496, nº 21). Non obstante, mentres ese documento –confirmando un de Henrique III– foi outorgado en Segovia o 13 de xullo de 1407, o da Fundación Penzol é unha nova carta confirmatoria xa outorgada durante a maioría ou goberno efectivo do monarca: *dada en la villa de Valladolid, veynte e tres días de enero año del nascimjento del nuestro salua|dor Ihesu Christo [de] mjll e quatro[çi]entos e veynte años*, polo escribán maior dos privilexios, Martín García de Vergara.

<sup>21</sup> Este documento está integrado noutro posterior conservado no Fondo Andrés Martínez Salazar da Real Academia Galega transcrito parcialmente en Correa Arias 2009: 623-631, doc. XXI.

<sup>22</sup> Este documento foi editado en Rodríguez Muñiz 2010: 189-190, doc. 95. Cómpre sinalar que o diploma foi rexestado en Leirós 1951: 301, doc. 3418, xunto a outro outorgado o 18 de xullo a favor de Santo Estevo de Ribas de Sil (301, doc. 3417) do que, porén, si deu noticia Sánchez Belda a partir dunha confirmación outorgada polos Reis Católicos en 1487 (1953: 548, doc. 1314). Unha edición do documento a favor de Santo Estevo a partir do orixinal conservado na Catedral de Ourense en Duro Peña 1977: 342-343, doc. 112.

<sup>23</sup> Nun arquivo particular que Lucas Álvarez non especifica pero que tivo a oportunidade de examinar para o estudo do mosteiro de San Xulián de Moraime atopárase unha confirmación orixinal de Xoán II dos privilexios outorgados a favor deste mosteiro por monarcas anteriores, acompañada do “mandato real por el que se ordena al canciller mayor y notario que examine el documento que presenta el abad de Moraime don Fernando dos Santos y, caso de estar correcto se lo confirmen. Incluye también la provisión real de Consejo, por la cual le da «carta de privilegio escrita en pergamino de cuero, e sellada con mi sello de plomo pendiente en filos de seda»”. Só foi rexestado en Lucas Álvarez 1975: II, 643, doc. 25. Do Arquivo Histórico Provincial de Ourense, concretamente do fondo do mosteiro de Celanova, procede unha copia simple dunha carta de Xoán II outorgada en Medina del Campo o 8 de xaneiro de 1419 mandando aos oficiais do concello e Milmanda e ao pertegueiro de Celanova que respectasen os dereitos do mosteiro bieito feminino de Ramirás sobre os seus coutos e vasallos tras unha querela de dona Urraca Pérez, *ona del monesterio de Ramirás* (Vaquero Díaz 2004: I, 328-331, doc. 253). Do Archivo General de Simancas foi recuperado un documento de Xoán II outorgado en Valladolid o 7 de maio de 1420 a favor do mosteiro de San Salvador de Pedroso confirmándolle unha carta de Henrique III e pedindo especialmente que amparasen ao conde don Fadrique, ao arcebispo compostelán Lope de Mendoza, a García Fernández Sarmiento, adiantado maior de Galicia, e a *donna Beatris, su mujer*, a Xoán Freire de Andrade e a Xoán Freire de Lanzós (Cal Pardo 1984: 269-270, doc. 30). Tamén se conserva dentro dun conxunto de pergamiños de Baiona no Arquivo Histórico Diocesano de Tui un documento de Xoán II a favor de Santa María de Oia, confirmando outros de monarcas anteriores, que foi outorgado en Valladolid en 1420 e está relacionado coas décimas de Tui e Baiona (Sánchez Carrera 1997: 384-385, doc. 29). Tamén nunha confirmación de Carlos III do Museo Provincial de Pontevedra, foi conservada, entre outras confirmacións rexias, a realizada por Xoán II a favor dos habitantes do couto de Dozón sobre determinadas exencións fiscais (Fernández de Viana y Veites 2009: 219, doc. 225).

<sup>24</sup> Así, o 6 de xuño de 1453 Xoán II informa ao abade de Celanova que *la ración que yo he de aver et me pertenesçe en ese monesterio*, a cal disfrutaba Diego Álvarez de Tildís, *la aya et tenga por my de aqui adelante para en toda su byda Martino Fernandes de Verbeteros*, criado do bispo don García de Baamonde (Vaquero Díaz 2004: II, 29, doc. 408).

Na procura de máis testemuños documentais rexios, o Arquivo da Catedral de Ourense, onde se conserva o último dos documentos que acabamos de referir, é outro fondo de consulta imprescindible para abordar o estudo dos diplomas da monarquía referentes a Galicia, tal e como puxo de manifesto Emilio Duro Peña (1972) coa catalogación dos seus documentos reais<sup>25</sup>. No que respecta a Xoán II, este autor rexesta 4 documentos durante o seu reinado referidos ao ámbito monástico: o xa citado de Santa Cristina de Ribas de Sil do 20 de xullo de 1407, o orixinal do 18 de xullo de 1407 a favor de Santo Estevo de Ribas de Sil, do que xa dera conta Sánchez Belda (1953: 548, doc. 1314), unha confirmación a favor de San Vicenzo de Pombeiro outorgada en Valladolid o 30 de marzo de 1412 e, finalmente, unha copia dunha carta executoria de Xoán II, outorgada tamén en Valladolid, o 24 de novembro de 1430, confirmando a sentenza dada por Roi Vázquez, xuíz do adiantado don Diego Sarmiento, a favor do mosteiro de San Clodio do Ribeiro contra Vasco Rodríguez de Espiño (Duro Peña 1972: 119-120, docs. 403-406). No que se refire á catedral

de Ourense, aos seus membros ou a algúns problemas que afectaban a persoas destacadas da cidade, aparecen rexestados un total de 9 documentos máis outorgados pola chancelería de Xoán II: 2 durante a súa minoría de idade (1408<sup>26</sup>) e 7 entre 1416 e 1435<sup>27</sup>. Deste modo, exceptuando o documento xa referido por Sánchez Belda e rexestado a partir do orixinal no traballo de Duro Peña, estaríamos falando dun total de 56 documentos de Xoán II referentes a Galicia, catalogados no seu momento por ambos os dous autores a partir da consulta dalgúns fondos eclesiásticos do Archivo Histórico Nacional e do Arquivo da Catedral de Ourense.

En todo caso, e aínda sendo conscientes de que quedan moitos documentos de Xoán II por incorporar aos rexestados por Sánchez Belda (1953) e Duro Peña (1972) –incluso no relativo ao ámbito estritamente monástico, que é o mellor documentado aínda que non o único<sup>28</sup>–, vexamos deseguido unhas comparativas dos datos obtidos a partir destes dous catálogos sobre o reinado de Xoán II cos referidos a outros monarcas da súa dinastía e da precedente<sup>29</sup>.

<sup>25</sup> Véxase tamén, ao proceder tres destes catro documentos do fondo monacal, Leirós 1951: 301 e 308, docs. 3417, 3418 e 3501, con documentos de Xoán II a favor de Santo Estevo de Ribas de Sil (1407), Santa Cristina de Ribas de Sil (1407) e San Vicenzo de Pombeiro (1412). Este último documento, outorgado en Valladolid o 30 de marzo de 1412 e no que confirma un privilexio de Fernando III, foi editado en Lucas Álvarez e Lucas Domínguez 1996: 132-133, doc. 74, pp. 132-133; porén, non se corresponde co rexestado por Sánchez Belda (1953: 554, doc. 1329) a favor de Pombeiro, cuxa data é do 2 de xuño de 1412.

<sup>26</sup> Ambos outorgados en Alcalá de Henares o 15 de febreiro confirmando cartas dos monarcas precedentes (Duro Peña 1972: 68, docs. 209-210).

<sup>27</sup> En Valladolid, o 23 de outubro de 1416, ante as queixas de Gonzalo Ares de Chantada, veciño de Allariz, Xoán II mandou a Vasco Blanco, home do chanfre auriense, e á súa muller Constanza Rica que lle desembargaran uns bens e pagaran 8.000 mrs. ao citado Gonzalo; tamén en Valladolid, pero o 5 de abril de 1420, o monarca volveu confirmar as dúas cartas outorgadas pola súa chancelería o 15 de febreiro de 1408 (*vid. supra*). En Roa, o 16 de abril de 1421 prestou atención á denuncia presentada por Roi Suárez de Tanxil, rexedor de Ourense, e a súa muller Guiomar Méndez de Ambía contra García Díaz de Cadorniga e os seus homes e escudeiros por ataques contra eles e os seus. Novamente en Valladolid, o 7 de decembro de 1424 o monarca pediu ás autoridades da cidade que recibiran por bispo a Alvar Pérez Barreguín, nomeado por bula de Martín V para a igrexa de Ourense, intervención nos asuntos eclesiásticos que se repite en Palenzuela o 22 de outubro de 1425 cando se volveu dirixir ás autoridades para que recibiran por bispo a don Diego, trasladado de Tui a Ourense polo mesmo Martín V. Finalmente, outorgada en Madrid, o 15 de xullo de 1435, unha provisión do monarca foi dirixida ao bacharel Afonso Díaz de Montalvo comisionándoo para determinar os límites do alfoz de Allariz, limítrofes cos do couto da igrexa de Ourense (Duro Peña 1972: 68-70, docs. 211-217).

<sup>28</sup> Neste sentido resulta imprescindible recordar a existencia de diversos pergamiños rexios en arquivos catedralicios como os de Santiago, Tui, Mondoñedo e Lugo –neste último caso si que aparecen algúns deles recollidos no Catálogo de Sánchez Belda 1953–, sen esquecer outros arquivos máis amplos como o Arquivo do Reino de Galicia, o Arquivo da Real Academia Galega, o Arquivo da Fundación Penzol ou o Arquivo Histórico Universitario de Santiago, por citar algúns dos principais que deberán ser examinados para coñecer o conxunto de documentos rexios referidos a Galicia. Tamén entre os manuscritos da Biblioteca Nacional de España aparecen documentos de interese sobre a relación entre a monarquía e os mosteiros galegos, como no ms. 23076, máis coñecido por conter o famoso *Tratado de Alveitaria* en galego, pero no que, entre outros rexistros notariais e minutas de Álvaro Eanes das Eiras, aparece o traslado dun documento de Xoán II –asinado polos titores do monarca, a raíña dona Catalina de Lancaster e o Infante don Fernando– que fora outorgado o 29 de maio de 1411 para tomar baixo a súa *guarda* o abade don Rodrigo de Figueroa, o prior e o mosteiro de Oia, ante os problemas internos da comunidade tras ter fuxido ao reino de Portugal o anterior abade, frei Gonzalo da Silva, ao que se acusa de *chamorro* (fols. 8rv, de acordo coa foliación tradicional). Véxase unha primeira edición destes documentos en Domínguez Fontela 1938 e 1940.

<sup>29</sup> Estes dous catálogos abarcan todo o período medieval, polo que resultan especialmente útiles para unha comparativa que teña en conta os períodos pleno e baixomedieval, que son nos que se produce o cambio dunha monarquía

Reinado	Núm. docs. (Sánchez Belda)	Núm. docs. (Duro Peña)	Núm. docs. (sen duplicados <sup>30</sup> )
Afonso VII (1126-1157 <sup>31</sup> )	82 <sup>32</sup>	30 <sup>33</sup>	100 <sup>34</sup>
Fernando II (1157-1188)	135 <sup>35</sup>	28 <sup>36</sup>	153 <sup>37</sup>
Afonso IX (1188-1230)	205 <sup>38</sup>	105 <sup>39</sup>	289
Fernando III (1230-1252)	76	19 <sup>40</sup>	88
Afonso X (1252-1284)	93 <sup>41</sup>	27 <sup>42</sup>	111
Sancho IV (1284-1295)	82 <sup>43</sup>	18 <sup>44</sup>	98

presente fisicamente no reino a unha ausente desde o punto de vista xeográfico. Pola contra, cómpre sinalar que o útil catálogo de Manuel-Rubén García Álvarez (1963-67), aínda que continúa sendo de referencia, só recolle os documentos rexios de Galicia desde o século VIII até 1109, é dicir, o inicio do reinado da raíña Urraca. En todo caso, para esta monarca, tanto durante a súa etapa como condesa como tamén durante o seu reinado, véxase no referente a Galicia a edición de 59 documentos en Recuero Astray, Rodríguez Prieto e Romero Portilla 2002. Porén, neste traballo aínda faltan algúns documentos da raíña por examinar a partir de orixinais que poden mudar as datacións e corrixir certas lecturas como no caso do documento ARG, *Col. Vaamonde Lores*, Pergamiño 1264, isto é, unha confirmación de dona Urraca a favor de San Martiño de Santiago en abril de 1120, tampouco estudada directamente a partir dese exemplar en Ruiz Albi 2003. Hai unha edición deste pergamiño en Lucas Álvarez 2003: 191-193, doc. 27.

- <sup>30</sup> Sumamos os documentos dos dous catálogos descontando aqueles de Duro Peña (1972) que xa que aparecían recollidos por Sánchez Belda (1953) a través doutros exemplares ou copias.
- <sup>31</sup> Contabilizamos só aqueles documentos outorgados con posterioridade ao falecemento da raíña Urraca I, polo tanto, a partir do 8 de marzo de 1126. Porén existen algúns documentos outorgados previamente por Afonso Raimúndez xunto a súa nai ou tamén en solitario: un total de 17 referencias segundo Recuero Astray, González Vázquez e Romero Portilla 1998: 3-16, docs. 1-17.
- <sup>32</sup> Non contabilizamos unha concordia entre os bispos de Lugo e de Oviedo sobre os límites das súas dioceses en presenza do monarca (Sánchez Belda 1953: 132, doc. 274).
- <sup>33</sup> Destes 30 documentos xa foron rexestados por Sánchez Belda (1953) 12 diplomas, polo que, sen termos en conta eses, serían 18 novos documentos inventariados por Duro Peña (1972).
- <sup>34</sup> Evidencia de que estas cifras son só parciais en relación ao conxunto de documentos rexios relativos a Galicia é o feito de que para o reinado de Afonso VII (1126-1157) hai referencia a 167 documentos en Recuero Astray, González Vázquez e Romero Portilla 1998: 16-200, docs. 18-184.
- <sup>35</sup> Non contabilizamos un documento outorgado polo futuro Fernando II aínda sendo infante, durante a vida de seu pai, a favor de Rodrigo Menéndez, *clerico meu*, dándolle o mosteiro *que uocatur Sanctus Laurentius et iacet in terra de Caldelas* (Sánchez Belda 1953: 135-136, doc. 281).
- <sup>36</sup> Destes xa foron catalogados 10 por Sánchez Belda (1953).
- <sup>37</sup> Na colección documental deste monarca referida a Galicia aparecen un total de 237 noticias ou documentos, máis un documento outorgado por Fernando durante a vida de seu pai. Véxase Recuero Astray, Romero Portilla e Rodríguez Prieto 2000.
- <sup>38</sup> Non computamos nestas cifras unha doazón da raíña dona Berenguela, xunto cos seus fillos don Fernando e don Afonso, a favor de Santa María de Sobrado outorgada en Sahagún o 14 de marzo de 1215, nin tampouco unha doazón do infante don Sancho Fernández, fillo de Fernando II, de 1218 (Sánchez Belda 1953: 226, doc. 500; 231, doc. 513). O primeiro destes documentos só fora referido a partir da copia existente no Tombo de Sobrado. Porén, hai unha edición e estudo recentes do privilexio rodado, *a priori* orixinal, outorgado por dona Berenguela en 1215 e conservado no Archivo Histórico de la Nobleza, Osuna, C. 46, D. 18, en Galende Díaz e Ávila Seoane 2017. O alto número de documentos rexistrado para este reinado tamén se viu reforzado pola existencia da obra de González 1944, previa ao catálogo de Sánchez Belda (1953). De todos modos, resulta evidente o excepcional número de documentos referidos a Galicia durante este longo reinado.
- <sup>39</sup> Non cuantificamos outro documento catalogado a maiores dunhas constitucións de Afonso IX outorgadas en León en setembro de 1194 *et promulgate consequenter apud Compostellam, in concilio, X<sup>o</sup> kalendas nouembris* (Duro Peña 1972: 25, doc. 47). Por outra parte, deste conxunto, Sánchez Belda (1953) xa catalogara 21 deles.
- <sup>40</sup> Previamente catalogados por Sánchez Belda (1953) 7 documentos.
- <sup>41</sup> Non computamos documentos outorgados polo infante don Fernando de la Cerda, o infante don Sancho, futuro Sancho IV, nin a infanta dona María Afonso (Sánchez Belda 1953: 343, doc. 790; 345, doc. 794; 347-348, docs. 799-801; 349, doc. 85; 353-354, docs. 815-817).
- <sup>42</sup> Previamente catalogados por Sánchez Belda (1953) 9 documentos. Non contabilizamos dous que foron outorgados polo infante don Sancho –futuro Sancho IV–: un en Burgos o 25 de outubro de 1274 e outro en Valdeorras o 14 de novembro de 1276, este último confirmando doazóns de monarcas anteriores a favor de Santa María de Melón (Duro Peña 1972: 100-101, docs. 334 e 338).
- <sup>43</sup> Non computamos o testamento da raíña nai, dona Violante de Aragón, outorgado en 1292 durante o reinado do fillo, no que dispuxo ser soterrada en Santa Clara de Allariz (Sánchez Belda 1953: 379, doc. 884).
- <sup>44</sup> Destes foron previamente catalogados por Sánchez Belda (1953) 2 documentos.



Fernando IV (1295-1312)	72 <sup>45</sup>	39 <sup>46</sup>	107
Afonso XI (1312-1350)	110 <sup>47</sup>	27 <sup>48</sup>	129
Pedro I (1350-1369)	45 <sup>49</sup>	6 <sup>50</sup>	50
Henrique II (1369-1379)	32 <sup>51</sup>	13 <sup>52</sup>	42
Xoán I (1379-1390)	66	23 <sup>53</sup>	81
Henrique III (1390-1406)	42	13 <sup>54</sup>	55
Xoán II (1406-1454)	44	13 <sup>55</sup>	56
Henrique IV (1454-1474)	9	10	19
Isabel I (1474-1504) e Fernando	24 <sup>56</sup>	15 <sup>57</sup>	38 <sup>58</sup>

Táboa 2. Documentos rexios das dinastías de Borgoña e de Trastámara referentes a Galicia catalogados en Sánchez Belda 1953 e Duro Peña 1972<sup>59</sup>

- <sup>45</sup> Non computamos dous documentos a favor do mosteiro de Santa María de Sobrado outorgados pola rexente dona María de Molina. O primeiro deles data de agosto de 1300 e foi concedido pola raíña atendendo a que o mosteiro estaba moi pobre *por razón de la guerra* e á instancia da infanta dona Isabel e da súa propia ama dona María Fernández. O outro documento de dona María é de 1305. Por outra parte, tampouco contabilizamos outros tres documentos, neste caso outorgados polo infante don Felipe: un de 1302 concedido a favor do mosteiro de Melón á instancia do rei don Fernando para que foran respectados todos os privilexios da institución, unha doazón a favor do bispo de Lugo e unha carta dirixida a Afonso López de Lemos para que devolverse unha granxa a Montederramo en 1312 (Sánchez Belda 1953: 391-392, doc. 918; 405, doc. 951; 394-395, doc. 926; 414-415, doc. 975; 419-420, doc. 986, respectivamente).
- <sup>46</sup> Non se contabilizan dous documentos, un do infante don Felipe, fillo de Sancho IV e daquela adiantado en Galicia, outorgado en Ribadavia o 25 de abril de 1302, nin outro referente a unha querela do prior de Santa Comba de Naves que enviaba a Fernando IV unha información testemuñal o 28 de abril de 1302 sobre os danos sufridos polo mosteiro por causa do infante don Felipe e outros con motivo dunha guerra (Duro Peña, 1972: 104-105, docs. 350-351). Dos contabilizados xa foran referidos por Sánchez Belda (1953) 4 documentos.
- <sup>47</sup> Non contabilizamos un documento de 1313 outorgado polo infante don Felipe recoñecendo ter recibido a tenencia da cidade de Lugo do seu bispo; outro de 1314 polo que dona María de Molina e os infantes don Pedro e don Xoán comunican ser titores do monarca; un de 1315 polo que dona María de Molina confirmou ao mosteiro de Sobrado unha carta outorgada por ela mesma con anterioridade; unha carta de María de Molina ao seu fillo o infante don Felipe como adiantado de Galicia respecto ao preito entre o concello e o bispo de Lugo; unha venda de María de Molina a Afonso Eanes de Churruchao, nin o recoñecemento de pago por dita compra; ou unha carta do infante don Felipe de 1324 dirixida a García Rodríguez de Valcárcel. Tampouco computa unha copia dos ordenamentos das cortes de Burgos de 1315 nin dous ordenamentos de 1326 (Sánchez Belda 1953: 421, doc. 991; 422, doc. 994; 423, doc. 997; 426, doc. 1003; 428-429, docs. 1010-1011; 431, doc. 1017; 424, doc. 999; 433, doc. 1021; 434 doc. 1023, respectivamente).
- <sup>48</sup> Non contabilizamos dúas cartas outorgadas durante o seu reinado polo infante don Felipe (Duro Peña, 1972: 110, docs. 370 e 372). Do conxunto documental de Afonso XI foron rexestados por Sánchez Belda (1953) 8 documentos.
- <sup>49</sup> Non se computa unha confirmación de dona Xoana de Castro, muller de Pedro I, outorgada a favor de Oseira en 1357 respecto dunha carta dada polo seu pai don Pedro Fernández de Castro (Sánchez Belda 1953: 483, doc. 1149).
- <sup>50</sup> Previamente catalogado por Sánchez Belda (1953) 1 documento. Non se contabiliza aquí tampouco a carta outorgada por dona Xoana de Castro ao mosteiro de Oseira (Duro Peña 1972: 113, doc. 381).
- <sup>51</sup> Non contabilizamos unha carta da raíña dona Xoana tomando baixo a súa protección o mosteiro de Santa María de Oia en 1375 (Sánchez Belda 1953: 407, doc. 1189).
- <sup>52</sup> Previamente rexestados por Sánchez Belda (1953) 3 documentos.
- <sup>53</sup> Previamente catalogados por Sánchez Belda (1953) 8 documentos.
- <sup>54</sup> Duro tamén cataloga unha carta non do monarca – polo que non a contabilizamos – senón do Cabido auriense dirixida a Henrique III dando conta dos danos padecidos *por la cisma e guerra e destruymento que oubo esta vosa iglesia e cidade asi dos ingresos como de outras gentes*, solicitando confirmación dos privilexios de anteriores monarcas (Duro Peña 1972: 67, doc. 205).
- <sup>55</sup> Hai un documento previamente rexestado por Sánchez Belda (1953).
- <sup>56</sup> Non contabilizamos instrumentos xenéricos como confirmacións de privilexios a todos os conventos cistercienses hispánicos (Sánchez Belda 1953: 570, docs. 1369-1370).
- <sup>57</sup> Hai un documento previamente rexestado por Sánchez Belda (1953). Non incluímos na contabilización dúas confirmacións xenéricas aos cistercienses hispanos de todos os privilexios concedidos polos pontífices, unha de Fernando de Aragón do 21 de setembro de 1479 e outra de Isabel I do 4 de abril de 1481, por non se referiren especificamente a Galicia, aínda que foron conservadas no fondo de Oseira e tamén aparecen rexestadas por Sánchez Belda (1953). Véxase Duro Peña 1972: 121, docs. 408-409.
- <sup>58</sup> Esta cifra resulta sorprendentemente reducida tendo en conta os numerosos documentos e disposicións dos Reis Católicos referentes a Galicia. Á parte dos abundantes instrumentos contemplados en diversas publicacións – moi especialmente por José García Oro e María José Portela Silva, entre outros –, resulta especialmente substancial a consulta fondos documentais como os do Archivo General de Simancas ou o Archivo de la Real Chancillería de Valladolid.
- <sup>59</sup> É preciso advertir que Sánchez Belda (1953) remata o seu catálogo no ano 1503, é dicir, até que se documentan as actuacións de Isabel I, cuxo reinado, por tanto, é o que marca a finalización da súa catalogación. Por iso non se

En principio, o afastamento físico da monarquía respecto do territorio galego parece verse acompañado tamén dunha menor produción por parte da chancelería rexia de documentos referentes a Galicia, sobre todo coa dinastía dos Trastámara. Así o podemos afirmar se se compara especialmente o caso de Afonso IX, último monarca antes da unificación dos reinos de León e Galicia con Castela e Toledo, con algúns dos monarcas posteriores. De todos modos, estas cifras –a todas luces incompletas e tendentes á infrarrepresentación das relacións entre o rei e o reino sobre todo durante unha Baixa Idade Media galega aínda non ben estudada– han de ser analizadas no futuro con maior atención, pois deben terse en conta tamén as diferentes formas de exercer o poder político por parte da monarquía a través de representantes rexios<sup>60</sup> ou a propia participación da nobreza nos asuntos do reino e da Corte fóra do territorio galego. Toda unha dialéctica relacional entre o rei e o reino que precisa ser analizada con máis minuciosidade e por medio da recuperación de moitos documentos que, sobre todo para a Baixa Idade Media, non se conservaron en exclusiva en fondos arquivísticos de institucións monásticas ou catedralicias<sup>61</sup>. En todo caso, avanzar na recompilación, catalogación e edición dos documentos rexios referidos a Galicia parece ser unha liña de traballo en boa medida urxente para abordar a historia política do reino sobre todo nos tres últimos séculos medievais, sen recorrer a lugares comúns e afirmacións simplistas ou sesgadas e, deste xeito, poder profundar así no estudo diacrónico da relación entre os monarcas e o reino galego.

Respecto da relación de Xoán II con outros reinos para os que xa foron elaboradas coleccións documentais específicas, podemos sinalar que se documenta un amplo volume de documentos para o período. No caso do reino de Murcia, Juan Abellán Pérez (1984) editou 341 documentos de Xoán II a partir da proclamación da súa maioría de idade. A estes habería que engadir tamén boa parte dos 266 documentos publicados por María Victoria J. Vilaplana Gisbert (1993) no seu volume de documentos relativos á minoría de Xoán II. Para Jerez de la Frontera, o mesmo Juan Abellán (2017) publicou 339 documentos de Xoán II (37 deles corresponden ao período de minoridade). ¿Debemos ser optimistas para o caso galego no caso dunha investigación monográfica ao respecto?

En todo caso, podemos preguntarnos se estas cifras reflicten unha maior relación do monarca con eses territorios ou simplemente estamos ante unha deformación derivada dunha investigación desigual. En boa medida inclinámonos pola segunda proposta xa que, para valorar comparativamente a relación do monarca cos seus reinos máis alá do estudo do seu itinerario –que oculta o exercicio do poder non a través das presenzas senón dos numerosos instrumentos escritos elaborados pola chancelería real e das actuacións de diversos delegados e representantes rexios–, é preciso abordar un estudo máis profundo do reinado de Xoán II e, sobre todo, da documentación expedida pola chancelería real, algo ao que, de xeito moi modesto, aspira a contribuír e a animar este traballo. En todo caso, ante o dinamismo das chancelerías reais á altura de comezos do século XV é factible sermos optimistas respecto do

---

incorporan as referencias ao reinado de Xoana I en ningunha das súas etapas, a pesar de que, por exemplo, Duro Peña si incorpora dous documentos, un da raíña de 1514 e outro dela e de Carlos I de 1520 (1972: 122, docs. 411-412). Tampouco incorporamos as referencias a documentos outorgados por monarcas portugueses e os de raíñas, infantes e infantas apenas son referidos a rodapé, mais non contabilizados. Por outra parte, non se entra a valorar neste momento –aínda que precisaría dunha especial atención– a cuestión de estarmos ante documentos orixinais, pseudo-orixinais, interpolados ou falsos.

<sup>60</sup> Isto é perfectamente visible en documentos como o outorgado en Salamanca o 23 de outubro de 1430 por Xoán II mandando aos seus correxidores do reino de Galicia, Gómez García de Hoyos e o doutor Fernando García de Paredes, que atenderan unha reclamación do abade de Celanova sobre o Castelo de Sande *qual desia que tomara et tenia por fuerça el duque don Fadrique* (Vaquero Díaz 2004: I, 373-374, doc. 284).

<sup>61</sup> De feito, parece percibirse a tendencia a que mentres algúns documentos rexios dirixidos durante a Plena Idade Media a particulares acabaron en mans de institucións monásticas ao se converteren estas en depositarias de arquivos nobiliarios no marco do transvase de propiedades, durante a Baixa Idade Media este proceso veríase atenuado no contexto da consolidación dunha estrutura liñaxística que daría lugar a que este tipo de documentos rexios permaneceran nos arquivos nobiliarios transmitidos directamente aos descendentes –sobre todo aos cabezas da liñaxe– en lugar de transitar para os arquivos monásticos. Desta forma, o volume de documentación procedente das chancelerías rexias quedaría sobrerrepresentado para o período plenomedieval se centramos a investigación nos fondos monásticos e non nobiliarios, os que, por outra parte, pasaron por diversos avatares e discontinuidades que puideron dar lugar a maiores perdas. En todo caso, queda claro que as cifras referidas han de ser analizadas atendendo a moi diversas circunstancias de produción e transmisión da documentación.

amplo número de instrumentos pendentes de localizar, transcribir, publicar e estudar.

Polo de pronto, resulta evidente que, a partir dos documentos de Xoán II referidos a Galicia que recollen Sánchez Belda e Duro Peña, non é posible, por exemplo, profundarmos na relación do rei coa nobreza e as cidades galegas. As institucións relixiosas –sobre todo mosteiros, pero tamén catedrais como a de Ourense– foron as grandes protagonistas dos documentos rexios que referimos até o momento<sup>62</sup>. Moitos deles xa foron editados, mais outros aínda permanecen inéditos e sen estudar<sup>63</sup>. Por iso, animamos a emprender unha tarefa de recompilación sistemática e estudo destes instrumentos para así poder seguir avanzando no coñecemento da relación entre a monarquía de Xoán II e a Igrexa galega –tanto coas súas institucións como cos seus membros<sup>64</sup>.

En todo caso, de quermos avanzar neses outros aspectos como as relacións de Xoán II coa nobreza e as autoridades municipais de

Galicia, resultará especialmente útil ampliar o número de arquivos a examinar. Así, un exame rápido doutros fondos, sobre todo de carácter nobiliario, pon de manifesto as posibilidades para ampliar a pesquisa e así conformar unha máis completa colección documental de Xoán II relativa a Galicia e aos galegos.

Especialmente estreita foi a relación de Xoán II con algúns membros da nobreza galega como os señores de Lemos. Diversas noticias documentais –ademais das crónicas– informan destes vínculos que teñen que ver co parentesco, coa participación política –especialmente dinámico no ámbito cortesán foi don Fadrique, o famoso duque de Arjona– e vasaláticos<sup>65</sup>. Neste sentido, o Archivo Ducal de Alba constitúe un rico depósito documental no que procurar documentos de Xoán II relacionados con Galicia, especialmente en relación cos señores de Lemos, con Pedro Álvarez Osorio, conde de Trastámara<sup>66</sup>, e cos Andrade<sup>67</sup>. Así o teñen evidenciado Eduardo Pardo de Guevara

<sup>62</sup> Non obstante e como xa se foi indicando, quedan por referir moitos outros documentos de Xoán II non conservados nos fondos explorados por Sánchez Belda (1953) e Duro Peña (1972), pero xa ben coñecidos. No relativo ás catedrais galegas, a existencia de coleccións documentais máis ou menos completas, como no caso de Mondoñedo, permite comprobar a conservación doutros documentos de Xoán II ou incluso localizar os orixinais dos que Sánchez Belda só daba noticia a través de confirmacións. Por exemplo, o privilexio orixinal outorgado en Alcalá de Henares o 13 de agosto de 1408 por Xoán II a favor da Catedral de Mondoñedo consérvase no arquivo catedralicio e foi transcrito en Cal Pardo 2015: 232-234, doc. 137, aínda que presenta a data rexestada erroneamente (3 de agosto). Nesta mesma obra tamén se publica o documento confirmatorio de Valladolid do 20 de xullo de 1420, indicando que estamos ante o orixinal (Cal Pardo 2015: 247-249, doc. 142), cando Sánchez Belda tamén remite a un suposto orixinal do mesmo documento (Sánchez Belda 1953: 558, doc. 1339, con sinatura [AHN, Clero], carp. 1187, nº 4). Así mesmo no Arquivo da Catedral de Mondoñedo aparecen documentos de interese sobre Xoán II e o seu notario Alonso Pérez de Viveiro con referencia a Galicia. Véxase ao respecto, Cal Pardo 1981. Noutro caso, como o da Catedral de Lugo, tamén están publicados algúns documentos confirmatorios de Xoán II respecto dos privilexios outorgados polos monarcas que o precederan. Cf. Portela Silva 2005<sup>2</sup>: 37-38 e 107-108, docs. 908 e 970.

<sup>63</sup> Entre estes últimos pódese sinalar casos como a carta de Xoán II outorgada en Guadalajara o 6 de agosto de 1408 a favor do convento dominico feminino de Santa María de Belvís de Santiago de Compostela confirmando un “aluala escripto en papel e firmado de los nonbres de la Reyna mj madre e mj Señora e del Infante don Fernando mj tio, mjs tutores e Regidores”, que fora expedido pola chancelería real na mesma cidade o 30 de xullo de 1408 (Arquivo de Santa María de Belvís, leg. 1, nº 22 e, con traslados de 1443 e 1444, nº 17). Así mesmo, no arquivo do citado mosteiro consérvanse outros privilexios rexios do propio Xoán II, entre eles unha confirmación de privilexios dos seus antepasados a favor de Belvís, datado en Alcalá a 9 de abril de 1408 (Arquivo de Santa María de Belvís, leg. 1, nº 25; outro privilexio do mesmo rei, nº 29).

<sup>64</sup> Neste sentido, cómpre sinalar que Óscar Villarroel González (2006) ofrece numerosas referencias sobre os vínculos de Xoán II cos eclesiásticos galegos ou asentados en Galicia –sendo destacable o caso de don Lope de Mendoza– na súa tese de doutoramento sobre as relacións entre a monarquía e a Igrexa durante o reinado deste monarca.

<sup>65</sup> Resulta referencia obrigada polas substanciosas noticias aportadas ao respecto a obra de Pardo de Guevara y Valdés 2000: I, 251 e ss. Véxase tamén González Sánchez 2018a. De todos modos, neste último traballo só se estuda a alta nobreza da Coroa de Castela durante a minoría de idade de Xoán II. Polo tanto, no caso dos Castro de Lemos apenas é referenciada a figura de don Fadrique.

<sup>66</sup> A mercede co condado de Trastámara a favor de Pedro Álvarez Osorio foi concedida o 4 de febreiro de 1445 en San Martín de Valdeiglesias e como compensación polos danos causados ao beneficiario e ás súas vilas e lugares por Xoán de Navarra e os do seu bando. A concesión fíxose co título de conde en vez de entregarlle as vilas de Villafranca e Ponferrada que foran as solicitadas en compensación polos 800 vasallos prometidos inicialmente polo monarca para reparar os danos sufridos. Rexestado en Ladero Quesada e Olivera Serrano 2016: 57, doc. 128 remitiendo a RAH, *Colección Salazar*, 9/348, ff. 231v-232r.

<sup>67</sup> Sobre os Andrade, algunhas referencias a Nuno Freire de Andrade en González Sánchez 2018a: 80-82 e diversas noticias e algúns documentos en Correa Arias 2009.

y Valdés e José García Oro, editando e rexestando varios deles<sup>68</sup>. Entre outros aspectos de interese, a documentación examinada dá boa conta dos vínculos familiares e políticos entre Xoán II e os señores de Lemos. A don Fadrique, ao que denomina *tío* na documentación<sup>69</sup>, o monarca confioulle castelos e solicitoulle a participación das súas xentes na loita contra os musulmáns<sup>70</sup>. Tamén lle tería concedido autorización para sacar do morgado a súa vila de Monforte e así poder dispoñer libremente dela ante a ausencia de descendencia lexítima<sup>71</sup>. Posteriormente, tras a morte do Duque de Arjona, o monarca seguiría ligado á irmá e herdeira deste, dona Beatriz de Castro, e ao seu marido, don Pedro Álvarez Osorio<sup>72</sup>. Mentres amparou en diversas ocasións a dona Beatriz, *mi tía*, para que puidera seguir facendo uso das súas propiedades e dereitos<sup>73</sup>, Xoán II viu en don Pedro Álvarez Osorio un bo aliado da monarquía para intervir en diversos asuntos do reino de Galicia<sup>74</sup>, sen deixar de facelo participe doutros asuntos máis xerais que afectaban á

Coroa<sup>75</sup>, como a guerra contra os musulmáns<sup>76</sup>. Uns servizos que, en todo caso, recoñeceu o monarca en diversos momentos<sup>77</sup>.

Tamén a relación do monarca cos Castro galegos quedou ampliada aos señores de Castroverde. De feito, en Segovia, o 12 de xuño de 1419 Xoán II confirmou a doazón que don Fadrique fixera ao seu tío don Afonso de Castro, fillo de Alvar Pérez de Castro, cos lugares e fortalezas de Castroverde e Luaces a petición de don Afonso, “por fazer bien e merçed al dicho conde don Fadrique, mi tío, que me lo así pidió por merced e al dicho don Alfonso” (Pardo de Guevara y Valdés 2000: II, 54-56, doc. 36). Apenas uns días despois o monarca confirmou o documento xa que “don Alfonso de Castro pidiome por merçed que le mandase dar mi previllégio escripto en pergamino de cuero, rodado e sellado con mi sello de plomo pendiente en fillos de seda, para que le valiese e fuese guardada la dicha mi carta que aquí va incorporada e la merçed en ella contenida” (Pardo de Guevara y Valdés 2000: II, 56-61,

<sup>68</sup> Véxase Pardo de Guevara y Valdés 2000: II: 52, 54-61, 69, 72-75, 86-102, 105-112, docs. 34, 36, 37, 45, 47, 48, 53-63, 68-101, 104-112, 115, 117-125; García Oro 1994: 215-217 e 221-223. Véxase tamén a edición dalgúns destes documentos e algúns outros do Archivo Ducal de Alba referentes a Galicia en Vázquez López 2001: 64-75, docs. 24-34.

<sup>69</sup> Incluso nunha carta outorgada en Toro por Xoán II o 18 de abril de 1426 refírese a el como “mi tío, como aquel que amo y precio y de quien mucho fio”. Documento transmitido, xunto a outros, en fray Malaquías de la Vega, *Chronología de los Ilustrísimos Jueces de Castilla...* (BNE, ms. 19418), f. 318v.

<sup>70</sup> Pardo de Guevara y Valdés 2000: II, 69, docs. 45 e 47. A este respecto podemos advertir que as institucións eclesiásticas tamén tiveron que pagar determinadas cantidades para *ajuda a noso señor el rey don Juan para susidio et ajuda da guerra que ha con os mouros infiees de Granada*, dando lugar a algúns repartimentos como un de 1439 que tivo que pagar o bispado de Ourense (Vaquero Díaz 2004: 407-411, doc. 314).

<sup>71</sup> Cédula real outorgada en Valladolid o 22 de xaneiro de 1425 (BNE, ms. 19418, ff. 326v-327v).

<sup>72</sup> Pardo de Guevara y Valdés 2000: II, 69, 72 e ss., docs. 48, 53 e ss.

<sup>73</sup> O 12 de febreiro de 1422, desde Toro, por exemplo, Xoán II amparouna na posesión do portádego da cidade de Ourense e do Castelo de Alba (Pardo de Guevara y Valdés 2000: II, 74-75, doc. 63).

<sup>74</sup> Desde Atienza o 22 de xullo de 1446 ordenoulle a don Pedro que procurara a devolución a Alonso de Lanzós, fillo de Xoán Freire de Lanzós, dos bens que lle tiñan retidos aproveitando a súa minoría de idade (Pardo de Guevara y Valdés 2000: II, 88-89, doc. 69). O 30 de abril de 1447, desde Tordesillas, pediulle que amparase a Fernando Díaz de Ribadeneira dos seus inimigos e, desde Valladolid, o 20 de febreiro de 1448, que axudase a Gutierre de Quijada, correxidor enviado a Lugo e Vilamaior (*Ibid.*: II, 89, docs. 70-71).

<sup>75</sup> Desde Medina de Rioseco informou Xoán II a don Pedro Álvarez Osorio da detención dos Condes de Benavente e de Alba, entre outros, nas guerras co rei de Navarra en maio de 1448 (Pardo de Guevara y Valdés 2000: II, 89, docs. 72-73). Feitos, de todos modos, que tamén chegaron a afectar a Galicia, de aí que inmediatamente o monarca pedira a don Pedro que se apoderara das vilas e castelos de Allariz, Milmanda, O Bolo ou Sandiás, que eran do Conde de Benavente, até que lle manda a súa restitución tras concederlle o seu perdón (*Ibid.*: II, 90-92, 95-96, 105-106, 110 e 112, docs. 74-82, 84-85, 87, 93-99, 104, 107-112, 120-121, 123-125). Incluso en xaneiro de 1449 o monarca comunicoulle a Pedro Álvarez Osorio a fuga do conde de Benavente pedíndolle que *pongades e fagades poner buen recabdo en esos logares e fortalezas quel trata en ese mi regno de Gallisia* (*Ibid.*: 93, doc. 89).

<sup>76</sup> Para a guerra de Granada Xoán II pediulle en agosto de 1448 que enviara homes de armas equipados e pagados (Pardo de Guevara y Valdés 2000: II, 92, docs. 86 e 88).

<sup>77</sup> Desde Valencia de don Juan, o 16 de xaneiro de 1449 Xoán II dirixiuse a Pedro Álvarez Osorio para responder á solicitude deste de que o seu irmán fora tido en conta para acceder ao cargo arcebispa. Aínda que lle advirte da existencia de competidores, *acatada la voluntad con que me servis, sed bien cierto que yo tengo a cargo e avré memoria porque vuestro hermano sea proveydo e acrecentado su estado* (Pardo de Guevara y Valdés 2000: II, 94, doc. 92).

doc. 37). Trátase en resumidas contas de confirmar unha disposición de don Fadrique, como volveu facer o monarca o 30 de xullo de 1429 desde Medinaceli, cando ratificou a *gracia* que lle fixera o Duque de Arjona a “Paio Mariño de Lobera de todos los derechos de raba y Correje” (García Oro e Portela Silva [2004]: 63-64, doc. 19)<sup>78</sup>. Anos máis tarde, en Palencia, o 4 de abril de 1452 Xoán II outorgou un privilexio rodado a favor de Fernando de Castro, novo señor de Castrolverde, confirmando un albalá que lle outorgara o 26 de novembro de 1451 no Real sobre Palenzuela coa doazón da Pobra do Brollón (Lugo)<sup>79</sup>.

Noutros casos os bens situados no reino de Galicia e concedidos a determinados nobres pertencían ao reguengo, que non era especialmente amplo no espazo galego. Así se documenta nalgunha ocasión como na mercede concedida por Xoán II en Maqueda o 2 de xuño de 1453 a favor de “don Pedro Enríques, mi criado e maestresala”, despois de que este lla solicitara, pois preto da súa fortaleza de Viana, o monarca tiña “un lugar yermo con su monte, que disen de las Frietas en que suelen e acostumbra pacer vuestros ganados e de otros algunos comarcanos” (García Tato 2001: 139-141)<sup>80</sup>.

No Archivo Histórico de la Nobleza (Toledo), dentro dos fondos do Ducado de Benavente, consérvanse diversos documentos de Xoán II de interese para coñecer a situación galega do momento. Por exemplo, en 1451, unha cédula do monarca comisionou a Álvaro

Páez de Soutomaior, ao que chama “mi donzel e vasallo”, para restituír como bispo de Tui a Luís Pimentel (AHNOB, Osuna, C. 417, D. 105; Vila, 2010: 540-541, doc. 30). Ademais, ese mesmo ano o rei outorgou unha provisión mandando por segunda vez a Álvaro Páez que restituíse ao bispo tudense, Luís Pimentel, todas as posesións e rendas da cidade de Tui e o seu bispado, que foran tomadas por mandato real cando fora encarcerado o Conde de Benavente, Afonso Pimentel (AHNOB, Osuna, C. 416, D. 47-48). Xoán II tamén pediu ao Soutomaior<sup>81</sup> que restituíse ao bispo de Tui o castelo e a fortaleza de Santén, sita no bispado tudense, no mes de xullo do citado ano (AHNOB, Osuna, C. 416, D. 49).

En arquivos nobiliarios máis pequenos tamén se conservan algúns documentos de Xoán II que ilustran as relacións do monarca con liñaxes da baixa e media nobreza<sup>82</sup>. Exemplo representativo disto é o caso da executoria de nobreza outorgada o 15 de xuño de 1429 polo monarca a favor de Xoán López, veciño de Lugo, e Afonso, Lope e Alvar López, fillos todos eles de Roi López e netos de Lope Rodríguez, conservada no Arquivo da Casa de Taboy (Pardo de Guevara y Valdés 2012: 138-174). De forma complementaria, cómpre sinalar que coleccións facticias de grandes institucións arquivísticas como a Sección de Diversos do Archivo Histórico Nacional conteñen abundantes documentos de grande interese para o estudo deste tipo de liñaxes, caso dos Xunqueiras, aínda por explorar<sup>83</sup>.

<sup>78</sup> Desde Madrid, Xoán II volveu dirixirse a Paio Mariño de Lobeira o 7 de abril de 1435 pero para emprazalo a asistir á corte e render conta das débedas coa facenda rexía (García Oro e Portela Silva [2004]: 64-65, doc. 20).

<sup>79</sup> Ladero Quesada e Olivera Serrano 2016: 397, doc. 1067 procedente dunha copia dun privilexio rodado de Henrique IV confirmando en 1457 o documento paterno que integra (RAH, *Colección Salazar*, 9/854, ff. 67r-71v).

<sup>80</sup> Sobre os cambios señoriais de Viana e O Bolo durante o reinado de Xoán II, véxanse na citada obra as pp. 39-41. Cómpre destacar que, no marco de preitos de época moderna sobre estes dominios, aparecen trasladados algúns documentos como unha suposta confirmación de Xoán II outorgada en Santa María del Campo a 22 de outubro de 1444 a favor de don Pedro Enríquez, “mi criado y maestresala, despois de que este lle fixera relación que don Alonso Enríquez, vuestro primo, hijo del dicho duque don Fadrique, mi tío vos auo fecho y fizo donación de la Puebla de Viana con su castillo y casa fuerte y con sus vassallos y con todas sus pertenencias”. Porén, no preito unha das partes alega que se trata de escrituras falsas. Máis alá da certeza ou non dos motivos alegados, un deles ten que ver con que “la donación se otorgó en Castro de Rey y que no es verisímil que en tan breve tiempo se confirmasse en Santa María del Campo [aínda así estamos falando do 7 de setembro até o 22 de outubro] y que la letra e firma de la donación, que está en la escritura aparte y la confirmación en que está inserta la misma donación parece de una mano y de una tinta y que el sello es pegadizo y que no está refrendada de ningún secretario del rey y que la narratiua della no es verdadera” (García Tato 2001: 173-176).

<sup>81</sup> Non resulta precisamente representativo dos Soutomaior galegos a figura escollida para falar desta liñaxe a comezos do século XV en González Sánchez 2018a: 82-86: Juan de Sotomayor, mestre da Orde de Alcántara.

<sup>82</sup> Unha aproximación a estes vínculos durante a minoría de Xoán II en González Sánchez 2018b, con algunha referencia explícita a Galicia na p. 118.

<sup>83</sup> Así, neste fondo atopamos un documento de Xoán II do 8 de febreiro de 1443 dirixíndose ao seu vasalo Martín Rodríguez de Xunqueiras (AHN, Diversos-Colecciones, caixa 287, doc. 41).

En fondos eclesiásticos como o Arquivo Histórico Diocesano de Santiago tamén se conservan documentos que ilustran as relacións entre a nobreza e a monarquía en tempos de Xoán II, ben a través de disposicións directas do monarca –como unha outorgada en Quintana Redonda (Soria) o 2 de xullo de 1430 poñendo en coñecemento do doutor Fernán García de Paredes o preito entre o arcebispo Lope de Mendoza, dunha parte, e Álvaro de Castro con varios cabaleiros, por outra, sobre as fortalezas de Mesía e Cira–, ben a través dos seus representantes –así sucede no caso do correxidor Gómez García de Hoyos, quen, en Vilar de Mesía, notificou o 31 de marzo de 1430 que varias persoas non permitiran ao arcebispo compostelán tomar posesión desas fortalezas de Mesía e Cira e que se o pertegueiro maior de Santiago, Alonso de Mendoza, precisaba axuda do monarca, que o asistiría Nuno Freire de Andrade, ademais de lle mandar cartas para outros nobres e que o axudasen os concellos e vilas<sup>84</sup>.

Dentro das liñaxes nobiliarias ligadas ao reino de Galicia que vimos sinalando, cómpre falar tamén dos Sarmiento, cunha proxección destacada durante o reinado de Xoán II non só dentro do espazo galego senón tamén no ámbito cortesán<sup>85</sup>. Non podemos esquecer o seu título de Adiantados maiores de Galicia, o cal foi confirmado a favor de García Fernández Sarmiento polo propio monarca en marzo de 1420, xunto cunha serie de rendas anexas ao

cargo (Fernández Suárez 2002: 132-133). Neste sentido, o Archivo Ducal de Medinaceli conserva documentos de interese que ilustran esta relación entre o monarca e os Sarmiento tanto ao inicio do seu reinado como na etapa final<sup>86</sup>. Podemos citar, por exemplo, a provisión real outorgada por Xoán II en Valladolid o 4 outubro de 1453 ordenando a Andrés González de Gatos, oidor da Real Audiencia, que deslindase unhas terras pertencentes a “don Diego Peres Sarmiento, conde de Santa Marta e mi Adelantado mayor del Regno de Gallisia, mi vasallo e del mi Consejo” tras unha petición deste para evitar conflitos con outros cabaleiros e persoas polos termos de lugares como “tierra de Orsellon con la casa de Caldelas de Orsellon e de Doston e tierra de Montes con Riba de Miño” (*Ibid.*: 392-393, doc. 20). Anos antes, don Diego Pérez Sarmiento viuse involucrado directamente nos avatares políticos que enfrontaban aos infantes de Aragón e ao condestable don Álvaro de Luna, chegando a ser encarcerado (*Ibid.*: 139-140). Porén, tras volver ao favor real, don Diego foi confirmado como señor da vila de Santa Marta de Ortigueira en 1440<sup>87</sup> e de Ribadavia<sup>88</sup>, para finalmente recibir o título condal ligado á primeira, coa posibilidade de transmitilo aos seus descendentes “según que lo vos ordenaredes e dexaredes en vuestro mayoradgo”<sup>89</sup>. Tamén polo apoio rexio na batalla de Olmedo acabou recibindo en xuño de 1451 a Terra de Montes con Ribas de Miño e o

<sup>84</sup> Documentos rexestados en Galbán Malagón 2011: 373, docs. 54 e 56. Neste traballo tamén se atopan referencias a outros documentos de Xoán II, aínda que sexan indirectamente. Así, no marco de documentos sobre usurpacións en Nendos refírese o nomeamento por Xoán II dun bacharel para realizar investigacións ao respecto na década dos 30 do século XV. *Vid.* Galbán Malagón 2011: 375, doc. 60, con referencia ao Arquivo de San Paio de Antealtares, *Condado de Altamira*, 3A1/82.

<sup>85</sup> González Sánchez 2018a: 75-80. De todos modos, neste traballo só se aborda en relación con Galicia a figura do adiantado maior García Fernández Sarmiento. O outro Sarmiento estudado é Diego Pérez Sarmiento de Vilamaior, reposteiro maior do monarca, que, porén, pertence á rama castelá da familia.

<sup>86</sup> Algunhas referencias para os titulares que gobernaron a Casa dos Sarmiento galegos durante o reinado de Xoán II, don García Fernández Sarmiento e don Diego Pérez Sarmiento, en Fernández Suárez 2002: 119-164. Varios documentos de Xoán II apenas son referidos ou só se presentan transcritas algunhas das súas cláusulas. Cómpre advertir que, por exemplo, a referencia a un documento de Henrique III en 1408 debe ser rectificadada e, polo tanto, é preciso asignar o documento a Xoán II, tendo en conta, precisamente, que o que se fai é mudar unha mercede de 5.000 mrs. que o adiantado maior de Galicia, García Fernández Sarmiento, cobraba nas terzas de Palenzuela e a súa terra por a mesma cantidade pero cobrada nas alcabalas e terzas de Fuentes de Valdepero, xa que as terzas de Palenzuela foran asignadas polo Papa á raíña mai, dona Catalina de Lancaster (*Ibid.*: 127).

<sup>87</sup> Neste caso consérvase unha copia da cédula real do 18 de outubro de 1440 na Colección Salazar da Real Academia da Historia. Citado en Fernández Suárez 2002: 141.

<sup>88</sup> Fernández Suárez 2002: 144. Albalá do 2 de marzo de 1442, procedente do Archivo Ducal de Medinaceli. Posteriormente, a vila de Ribadavia foi confirmada por Xoán II en Tudela de Duero o 23 de xaneiro de 1445 (*Ibid.*: 145; edición en Fernández Suárez 2005: 544-550).

<sup>89</sup> Fernández Suárez 2002: 144. Privilexio real outorgado en Guadarrama o 15 de novembro de 1442 e conservado na RAH, Colección Salazar, 9/348. Cota actualizada a partir do rexesto publicado en Ladero Quesada e Olivera Serrano 2016: 33, doc. 62.

lugar “que llaman Castro e Caldelas de Orsellon en el qual non mora persona alguna e esta en el dicho logar una torre derribada” (*Ibid.*: 145, transcripción parcial<sup>90</sup>).

Precisamente referíndose aos Sarmiento mais tamén aos habitantes de Ribadavia, o que remite á relación que mantiveron os monarcas coas vilas e cidades dos seus reinos –entre eles Galicia–, cómpre citar a confirmación outorgada en Segovia, o 23 de abril de 1407, pola chancelería de Xoán II respecto da pertenza de Ribadavia ao reguengo fronte a “que oviera la dicha villa Diego Peres Sarmiento, Adelantado que fue de Gallisia, contra derecho non la pudiendo aver, no tempo das tutorías del rey don Enrique, mi padre e mi señor” (Fernández Suárez 2002: 120). Coa maioría de idade do monarca, tamén neste caso se procedeu a unha nova confirmación en Valladolid, o 15 de abril de 1420 (*Ibid.*: 121; edición en Fernández Suárez 2005: 541-544), aínda que, como vimos, a vila remataría definitivamente en mans da liñaxe dos Sarmiento. Sen dúbida, estas disposicións rexias hai que entendelas no marco dunha reclamación habitual de moitas cidades durante o período medieval que aspiraban a formar parte dos dominios dos monarcas e non dos señoríos da nobreza laica ou da Igrexa por consideraren que se trataba dun señorío menos gravoso.

O monarca participou igualmente a favor da cidade da Coruña ao ordenarlle a Pedro Fernández de Andrade, “mj vasallo”, que

respectase os privilexios e ordenanzas da cidade en relación coa actividade mercantil en agosto de 1435, xa que actuaba “con entención de fazer mal et danno a los dichos conçejo et bezjnos et moradores de la dicha villa” ao quebrantar os privilexios dos coruñeses (González Garcés 1987: 609-611), no marco dunhas relacións da monarquía con este núcleo urbano ben reflectidas na documentación<sup>91</sup>.

Tamén respondeu Xoán II a peticións doutras cidades galegas como Santiago, tratando de amparar os seus habitantes e membros do concello<sup>92</sup>. Así consta nun documento de marzo de 1419, transmitido por primeira vez de forma íntegra por Neira de Mosquera, no que Xoán II, dirixíndose a don Fadrique, “mi tío”, e a García Fernández de Sarmiento, “mi Adelantado mayor en el Reyno e Galicia”, fai constar que:

el Conzejo e oficiales e homes buenos de la Ciudad de Santiago se me ymbiaron querellar e dixen en como facedes prender por alguns mrs. o por otras cosas que un Conzejo deba a outro o una persona á otra: non seiendo ellos nin algunos dellos temidos de pagar los dichos mrs. e cosas; nin seiendo primeiramente sobre ellos llamados nin oídos nin vencidos por fuero o por derecho por do deban e como deban. (Neira de Mosquera 1850: 217)

Consecuentemente o monarca estableceu que a partir dese momento:

<sup>90</sup> Véxanse copias simples co documento íntegro do 20 de xullo de 1451 e a confirmación realizada polo propio Xoán II en Valladolid en 1452 en AHN, Diversos-Colecciones, carp. 220, nº 2 e 3.

<sup>91</sup> Sobre a cidade da Coruña durante este reinado, véxase González Garcés 1987: 341-359 e, para a edición de varios documentos rexios de Xoán II –despois de referir outros de monarcas precedentes, sobre todo do Arquivo Municipal da Coruña– p. 596 e ss.: en Guadalajara, a 20 de maio de 1408, a chancelería de Xoán II confirmou os bos foros, usos e costumes da vila coruñesa; o 24 de novembro de 1408, en Valladolid, outorgouse un privilexio sobre pagos e exencións de dereitos de diversas mercadorías que entrasen no porto da Coruña; en Segovia, a 29 de abril de 1433, foi outorgado outro privilexio confirmando unha concesión de Afonso XI de 1338 ao concello coruñés; o xa referido do 20 de agosto de 1435 mandando gardar os privilexios sobre a venda de viño fóra dos muros da cidade, algo que quebrantaba Pedro Fernández de Andrade; tamén en Segovia, pero o 30 de agosto de 1435, o monarca prohibiu ao alcalde do Castelo da Coruña, García de Frías, que quebrantara as disposicións sobre a venda de viña na vila; e, en Fuentesauco, a 29 de novembro de 1445, Xoán II outorgou un privilexio rodado concedendo o título de Alcalde da Casa da Moeda da Coruña a Fernán Rodríguez de Sevilla, no que constan as prerrogativas do cargo. O documento do 24 de novembro de 1408, confirmando unha carta de Henrique III pola que se determinaban algunhas condicións sobre a percepción dos décimos do mar en Galicia, foi solicitado polo *conzejo e omes buenos de la dicha mi villa de la Corunna*, tamén tendo sido obxecto de edición en Ferreira Priegue 1988: 826-830, doc. 19.

<sup>92</sup> Nese sentido son varios os documentos de Xoán II que terían formado parte do só parcialmente coñecido “arquivo” do Concello de Santiago. Véxase ao respecto Vázquez Bertomeu 1999: 121, 129-140, figurando nun inventario de escrituras de 1520 que se edita neste traballo (doc. 1), varios instrumentos atribuídos ao rei Xoán, que non sempre resulta sinxelo identificar con Xoán I ou Xoán II. En todo caso, no *Libro do Concello de Santiago* de 1416-1422 e nun volume complementario custodiado na Real Academia de la Historia sobre a cidade de Santiago, editados ambos en Rodríguez González e Rodríguez Suárez 1992, quedan recollidos varios documentos que se corresponden con privilexios e cartas de Xoán II de interese para coñecer a relación entre o monarca, a cidade e as súas autoridades municipais. Véxase por exemplo Rodríguez González e Rodríguez Suárez 1992: ff. 47v-48r, 58r-v, 85r-87r, 91v-92v, 96v e, no apéndice, 1r-9v, 13r-21v, 24v-27r.

Non prendades al dicho concejo e oficiales e homes buenos de la dicha Cibdade de Santiago nin a algunos dellos por debeda nin debedas que vn Concejo daba á outro, nin unha persona á outra; saluo por suas debedas o fiaduras propias conocidas o por los mrs. de las mis rentas e pechos e derechos; seindo primeramente sobre ellos llamado e oídos e vencidos por fuero ó por derecho por do deban e como deban. (*Ibid.*: 217-218)<sup>93</sup>

Máis contundente parece mostrarse o monarca o 7 de abril de 1445 cando, desde Arévalo, respondeu afirmativamente a petición formulada polo concello compostelán a través do seu procurador para que “por merced cerca de la dicha cibdad é del señorío é juredicion é justicia de la que tomase é tornase á mi é que fuese mia é de la mi corona real según que avia seydo de los otros rreyes, mis progenitores”. Daquela quedou establecido que “de aquí adelante para siempre jamas, la dicha cibdad de Santiago con su tierra é términos é la juredicion é justicia é señorío e misto ymperio della que sea mia é de la mi corona real” (Vicetto 1872: 50-52)<sup>94</sup>. Non entanto, este documento pon sobre a mesa unha problemática que deberá ser abordada cun estudo detido de cada instrumento e a análise do seu contexto. O 26 de agosto de 1445, tamén desde Arévalo, o monarca trasladou o documento anterior indicando que “a mí es ffecha rrelación que en esa dicha cibdad vos fue mostrada e presentada” esa carta “que se descía ser ffirmada de mi nombre seellada con mi siello”. Porén, ante a queixa do arcebispo don Álvaro de Isorna, quen advertía de que o contido dese documento supuña un grande “deservicio de Dios e mio et en gran daño e perjuizio de la iglesia e del bienaventurado apóstol Santiago”, pois “publico e notario es en mis rreinos e aun en todo el mundo esa dicha cibdad aver siempre sido e ser del dicho bienaventurado apóstol Santiago e de la dicha su iglesia e de los arçobispos”. Daquela, pola devoción que el e os seus antepasados tiñan a Santiago, “luz e patron de las Españas”, respondeu afirmativamente á solicitude arcebispal de manter o señorío da Igrexa e os arcebispos de Santiago sobre a cidade, advertindo que

o documento mostrado na cidade de Santiago uns meses antes “yo no di ni libre la dicha carta que de suso va incorporada, ni ffuí servidor della, por lo qual aquella sería, como lo es, ffalsa et ffalsamente ffabricada” (López Ferreiro 1975: 462-464).

Por outra parte, a chancelería de Xoán II tamén confirmou documentos dos monarcas anteriores referentes a Santiago, como fixo en Segovia o 12 de xullo de 1407 e, xa maior de idade, en Valladolid o 22 de febreiro de 1420 cun de Henrique III de 1400 relativo á cuestión dos portádegos no que confirmaba, á súa vez, privilexios dos antecesores. Desta forma:

todos los vecinos e moradores de la dicha cibdad de Santiago que agora moran en la dicha cibdad o moraren de aquí adelante, sean exentos y francos e quitos de non pagar portadores nin paxages en ningunha cibdad nin vila nin lugar de los mis reinos e señoríos do que se acaeciese de las mercaderías que troxieren o levaren a la dicha cibdad. (Neira de Mosquera 1859: 213-217)

En estreita relación coa cidade compostelá cómpre destacar o apoio rexio á peregrinación xacobeá, como xa fixeran varios dos seus antecesores no trono. Así, o 1 de xaneiro de 1434, Xoán II outorgou un salvoconduto a favor dos peregrinos a cidade de Santiago (López Ferreiro 1905: Apéndices, 56-58, doc. 15).

Por outra parte, hai diversas referencias documentais sobre o apoio e vinculación da monarquía coas distintas instancias de poder que se proxectaban sobre a cidade de Santiago de Compostela, máis alá das autoridades municipais. De feito, xa o 20 de xaneiro de 1407 a raíña dona Catalina de Lancaster e o infante don Fernando comunicaron ao arcebispo don Lope de Mendoza a súa elección como rexentes de Xoán II polo testamento de Henrique III, tal como consta nun traslado conservado no Tombo H da Catedral compostelá (Cabana Outeiro 2007: 659-660, doc. 84inv.). Tamén nunha data temperá, concretamente o 30 de marzo de 1407, a chancelería do monarca expediu en Segovia un documento polo que mandou aos

<sup>93</sup> A cédula real, lida o 28 de abril de 1419 a petición de García Rodríguez e Xoán Domínguez de Liñares, cambiadores e procuradores do concello de Santiago, tamén foi recollida en Vicetto 1872: 21-22 e xa máis recentemente recuperada na edición do *Libro do concello* en Rodríguez González e Rodríguez Suárez 1992: 169-171 (ff. 58r-v).

<sup>94</sup> Edición a partir do Tombo G da Catedral de Santiago (f. 33v) en López Ferreiro 1975: 458-459. Edicións máis recentes en Vázquez López 2001: 74-75, doc. 34 e Correa Arias 2009: 642-644, procedentes de ADA, *Sección Lemos*, C. 2-88.



arrendadores das moedas foreiras do rei en Galicia que non llas cobraran aos labradores do Cabido compostelán, recoñecéndolle o privilexio de exención (*Ibid.*: 660-663, 85inv.). Por outra parte, cómpre recordar que ao fronte do arcebispado compostelán estivo entre 1451 e 1460 don Rodrigo de Luna, parente do valido don Álvaro de Luna, que, a pesar da súa xuventude, xa se convertera en capelán maior de Xoán II no marco da ampla influencia de don Álvaro dentro da corte castelá (López Ferreiro 1905: 191-192). De todos modos, xa con anterioridade, un dos seus predecesores, don Lope de Mendoza, tivera unha destacada presenza na corte<sup>95</sup>. De feito, en 1418, ante os “moitos roubos, furtos e omisións e mortes de homes e males e quebrantamentos de camiños e outras forzas por mingoa de justiza e esto por quanto noso señor o Arcebispos de Santiago don Lope agora de presente está ydo a a Corte de noso señor el Rey en proveito e onrra sua e da dita cibdade e do seu arcebispado” estableceuse unha irmandade “por servicio do dito señor Rey e do dito señor Arcebispo”, procedendo a facelo “según e maneira que os señores Reys de Castela que por los tempos foron ordenaron e mandaron que se fecesen en seus Regnos e señorios”, seguindo, precisamente, unha lei de Xoán I outorgada nas Cortes de Segovia de 1386 (López Ferreiro 1975: 444-445). En todo caso, a relación entre o arcebispo e o monarca pasou por momentos de tensión como se verá máis adiante (*Ibid.*: 448-452). E incluso a actitude rexia resultou ás veces vacilante á hora de intervir nas non poucas veces tensas relacións entre os arcebispos composteláns e a nobreza da Terra de Santiago que dispuña da tenencia de moitas fortalezas e propiedades da Mitra. Así se documenta en relación á fortaleza de Penaflores. Se ben en 1452 o monarca ratificou a posesión desta fortaleza a favor de don Rodrigo de Luna, defendéndoo das posibles molestias de Pedro Vermúdez de Montaos, o Mozo,

o 11 de maio de 1453, desde Martín Muñoz de las Posadas (Segovia), Xoán II concedeu a este último a facultade de reedificar a fortaleza despois de ter sido derrocada polo arcebispo, ao que pediu que lle entregase a Pedro Vermúdez o que lle tomara<sup>96</sup>. De feito, desde Valladolid, o 30 de novembro de 1554, reiteroulle a petición de devolver todo ao de Montaos, “mi vasallo, todo lo suyo que le aviais quitado” (Presedo Garazo 2011: 73)<sup>97</sup>. Á marxe dos arcebispos, outros membros da Igrexa compostelá tamén se documentan próximos á monarquía de Xoán II prestando os seus servizos fóra do reino de Galicia. É o caso do deán Afonso García de Santa María, quen en 1434 participou nas misións diplomáticas enviadas desde Castela ao Concilio de Basilea, acudido nesa mesma ocasión o galego Álvaro de Isorna, por aquel entón bispo de Cuenca (Cañas Gálvez 2010: 711).

Tamén Pontedeume viu ratificados os seus privilexios por Xoán II. Así se documenta, cando menos, en dúas datas próximas: o 15 de xaneiro de 1432, cando confirma os privilexios outorgados polos seus predecesores e, posteriormente, en Valladolid o 19 de maio de 1434, momento no que, tras ser solicitado polas autoridades da vila de Pontedeume e o seu alfoz, procedeu a confirmarlle novamente “el dicho previllejo e la merced en el contenida”<sup>98</sup>. Pouco despois, concretamente o 23 de agosto de 1435, desde Segovia, Xoán II preocupouse tamén polas reclamacións da vila de Betanzos contra diversas persoas que tiñan ocupadas as súas propiedades, encargando o asunto ao bacharel Alvar González León, quen debería actuar conforme ás leis promulgadas nas cortes de Zamora de 1432 e Madrid de 1433, cuxas cláusulas incorpora o documento (García Oro 1986: 16-17, doc. 1)<sup>99</sup>.

A partir dos exemplos sinalados, compróbase con claridade a atención prestada polo monarca ás demandas de entidades urbanas

<sup>95</sup> Algunhas referencias ao respecto en López Ferreiro 1975: 442-443 e ss.

<sup>96</sup> Véxase unha copia do segundo documento citado en AHUS, *Archivos familiares*, Casa de Montaos, testamentos, Curadorías, Caixa 17, P. 2. Para o primeiro, o citado autor remite ao Arquivo Histórico Diocesano de Santiago, FG, Serie Xurisdiccional, leg. 8 (ant. 97), ff. 38v-47r e leg. 9 (ant. 98), f. 24v.

<sup>97</sup> AHUS, *Archivos familiares*, Casa de Montaos, testamentos, Curadorías, Caixa 17, P. 2.

<sup>98</sup> Editado e cunha reprodución fotográfica en Millán González-Pardo 1987: 189-200. Edición parcial, rexestando coa data do 24 de xullo de 1434, en Correa Arias 2009: 637-640, procedente dunha copia do Centro de Interpretación da Casa de Andrade de Pontedeume.

<sup>99</sup> Este seguramente non foi o único documento concedido por Xoán II a Betanzos, tal e como parece deducirse das *Memorias del Arzobispado de Santiago* do Cardeal Jerónimo del Hoyo (ed. facsimilar, 2016: fol. 276v), onde se fala da existencia dun privilexio que lle sería outorgado por *otro don Juan* en 1418, o cal sería confirmado posteriormente polos seus sucesores.

galegas como Ribadavia, A Coruña, Compostela, Betanzos, Pontedeume ou Ortigueira<sup>100</sup>. Precisamente, esta última vila, xunto con Ferrol e Vilalba, foi protagonista das tensións entre Fernán Pérez de Andrade o *Mozo* e a monarquía. De feito, en Tordesillas, o 20 de xullo de 1441 foi expedida unha carta de Xoán II a favor de Pedro Álvarez Osorio para que colaborara co Adiantado maior de Galicia na “posesión de las villas de Ferrol e Puente deume e Villalba e de sus castillos e fortalezas, que son devueltas a la mi Corona Real, según que por las dichas mis cartas e poderes veredes” (García Oro 1994: 215-16, procedente de ADA, C-85-15). Ese mesmo día escribiu a Alonso de Mendoza, pertegueiro maior de Santiago, “como aquel de quien mucho fio”, para que, tras o fracaso de Álvaro García de Villagarcía para que “fuese entregado para mi para la corona real de mis reinos la villa de Ferrol e Pontedeume e Villalba e sus castillos e fortalezas”, apoiase en conseguir este obxectivo ao adiantado Diego Pérez Sarmiento e a Pedro Álvarez Osorio, “para que qualquiera dellos para que en mi nombre (...) tome las dichas villas e sus castillos e fortelas e se apoder de todo ello e lo tenga por mí” (Correa Arias 2009: 641)<sup>101</sup>. Tamén pediu o apoio de don Lope de Mendoza, arzobispo de Santiago, “de nuestro Consejo, como aquel que amo e preçio e de quien mucho fio” (García Oro 1994: 216)<sup>102</sup>. No que respecta ao bando contrario, o mesmo día dirixiu unha carta ao bispo de Mondoñedo, don Pedro, para notificarlle que “a mi es fecha relación que vos dades favor e ayuda a Fernán Pérez de Andrade, mi vasallo, e para que

el contra el tenor y forma de lo contenido en mis cartas e en menos precio dellas e tenga e esté apoderado como está de las villas de Pontedeume e Ferrol e Villalba”, polo que lle pedía que “si servigio e plaser me deseais faser” non axudara ao Andrade senón ao Adiantado maior de Galicia e a Pedro Álvarez Osorio (Correa Arias 2009: 641-642)<sup>103</sup>. Así mesmo, Xoán II dirixiuse nesa data a Rodrigo de Moscoso, sabendo que “vos dades favor e ayuda a Fernán Pérez de Andrade, para que si servigio me deseays faser, que de aquí adelante çesedes de dar favor e ayuda al dicho Fernan Peres” (García Oro 1994: 216-217)<sup>104</sup>. E tamén os nobres Fernando Díaz de Ribadeneira, Pedro Bermúdez de Montaos, Lopez Sánchez de Ulloa ou Aras Pardo das Mariñas recibiron carta do monarca ao respecto (Vázquez López 2001: 69-71 e 73, docs. 29-31).

A intervención de Xoán II en cidades e vilas galegas<sup>105</sup> estendeuse a atender as peticións de persoas concretas da veciñanza e da oligarquía urbana. Neste sentido podemos referir a carta dirixida ás autoridades de Ourense facéndolles saber da queixa que lle presentaran Roi Suárez de Tanxil, rexedor da propia cidade, e a súa muller Guiomar Méndez de Ambía<sup>106</sup> contra García Díaz de Cadórniga e os seus escudeiros e homes “que los firiran o mataran o lisieran o farán otro mal o dapno o desaguizado alguno en sus personas et a sus escuderos e omes de pie e labradores e familiares e apaniguados”, polo que o monarca decidiu tomar estas persoas e os seus bens baixo a súa garda e encomenda (Duro Peña 1972: 69, doc. 214). Esta actuación enténdese no marco da intensa conflictividade

<sup>100</sup> Neste último caso e antes de ser pasar a mans de Diego Pérez Sarmiento, en 1409 Xoán II confirmáralles ao *conçejo e omes buenos de la puebla de Ortiguera*, a petición destes, os privilexios dados polos seus predecesores á localidade desde que Afonso X lle concedera o Foro de Benavente e promovera a construción dun porto e a celebración dunha feira anual. Consérvase este diploma confirmatorio na serie do AHN, Diversos-Colecciones, carp. 220, n.º 1, actualmente en proceso de estudo para a súa publicación. Noutros casos atribúenselle ao monarca privilexios que non conseguimos localizar polo momento pero que confirmarían con claridade o apoio do rei á promoción urbana en Galicia, como no caso das “franquicias” que tería outorgado Xoán II en 1440 á xente que fora poboar a vila de Vigo. Así o recolle a tradición historiográfica e, entre outros, Sánchez Bargiela 1999: 97-98, 106.

<sup>101</sup> Procedente de ADA, *Sección Lemos*, C. 2-82. Tamén en Vázquez López 2001: 66, doc. 26.

<sup>102</sup> Procedente de ADA, C. 2-80. Véxase tamén en Vázquez López 2001: 64, doc. 24.

<sup>103</sup> Procedente de ADA, *Sección Lemos*, C. 2-83. Tamén en Vázquez López 2001: 67, doc. 27.

<sup>104</sup> Procedente de ADA, C. 2-81. Tamén en Vázquez López 2001: 65, doc. 25; e 68, doc. 28, para a dirixida a Roi Sánchez de Moscoso para que tampouco axudase ao Andrade.

<sup>105</sup> En moitos casos esta intervención tivo que ver con cuestións fiscais, conservándose documentos desta actividade tanto en fondos galegos como de fóra de Galicia. Entre os primeiros e referidos ao caso ourensán, véxanse por exemplo algúns documentos conservados no Arquivo Histórico Provincial de Ourense: Losada Meléndez 2008: 15 e 19. En todo caso, resulta evidente a influencia que tivo a monarquía –e as súas transformacións ao longo do período medieval– no ámbito municipal (Monsalvo Antón 2000-2002), sendo necesario profundar no tema en relación ao territorio galego para obter unha visión de conxunto da que aínda carecemos.

<sup>106</sup> Sobre estes personaxes e a súa parentela véxase Otero Piñero Maseda e García G[onzález-]Ledo 2009.

urbana que afectou á cidade de Ourense desde as primeiras décadas do século XV, tendo nos Cadórniga uns axentes sumamente activos no marco das disputas que tiveron lugar na cidade (López Carreira 1998: 440-460)<sup>107</sup>.

É importante destacar que, tal como se nos diplomas rexios examinados, a maioría das disposicións de Xoán II foron tomadas, como resulta obvio debido á distancia física entre o rei e o reino, despois de que chegaran á Corte peticións concretas e relatos sobre determinados feitos. Así, é posible afirmar que o rei actuou preferentemente no reino galego máis como resposta que por iniciativa persoal. Neste sentido, é interesante destacar un documento que recolle a protesta que presentou Pedro Padrón, veciño da vila de Ferrol, o 18 de xaneiro de 1432 “en la cibdad de Zamora ante las puertas de los palacios á donde posaba nuestro Señor el Rey”<sup>108</sup>. Representando ao concello de Ferrol, o citado Pedro Padrón pediu xustiza ao monarca polos males ocasionados por Nuno Freire de Andrade e o seu fillo Pedro Fernández de Andrade, ante a noticia de que “ha fecho o quiere fazer merced al dicho Pero Ferrandez de la dicha villa e su tierra, dándole el señorío della”. Non se trata, iso si, do único testemuño con relatos concretos informando da situación relativa ao reino de Galicia<sup>109</sup>.

Tamén o arcebispo compostelán don Lope de Mendoza enviou cartas ao monarca para

queixarse dos excesos do seu correxidor e dos alcaldes que exercían xustiza sobre preitos civís e eclesiásticos, ademais de pretender que lles foran entregadas as fortalezas arcebispais (Galbán Malagón 2011: 376, doc. 68)<sup>110</sup>.

Incluso os mosteiros ás veces non só pedían a confirmación dos seus privilexios ao monarca senón que, entre algúns documentos que non foron catalogados por Sánchez Belda, atopamos expresivas reclamacións monásticas contra os excesos nobiliarios e procurando a protección real. Así se observa o 17 de setembro de 1417, cando desde Valladolid Xoán II se dirixiu nominalmente ao arcebispo don Lope de Mendoza, ao conde don Fadrique, “my tio et my vasallo”, a García Fernández Sarmiento, “my adelantado”, e a Nuno Freire de Andrade, Pedro de Andrade, Roi Sánchez de Moscoso, Aras Pardo das Mariñas, García Díaz, Pedro Bermúdez de Montaos, Xoán Becerra de Val de Veiga e Martín Sánchez das Mariñas, “mis vassalos” –boa representación de distintos membros da pirámide nobiliaria galega– para referirles a queixa do abade de San Pedro de Soandres polos abusos cometidos por Martín Sánchez das Mariñas e o seu fillo Aras Pardo “que touieron la encomienda del dicho monesterio desde çinquenta o sasseenta años acá”, cometendo diversos abusos, polo que procedía a amparar ao mosteiro tomando a encomenda do mesmo<sup>111</sup>.

<sup>107</sup> Sobre a participación activa e tamén como mediadora de dona Beatriz de Castro, viúva de García Díaz de Cadórniga, neste contexto véxase García-Fernández 2013.

<sup>108</sup> O documento é extractado e comentado en Vicetto 1872: 36-40. Este autor sinala como referencia arquivística “Archivo municipal de Ferrol, legajo núm. 1”, mais Correa Arias (2009: 243, n. 692) advirte que “no Arquivo Municipal de Ferrol (A.M.F) gardábase o orixinal da protesta de Pedro Padrón, que foi transcrito por J. Montero Aróstegui (J. Montero Aróstegui, *Historia de Ferrol* (Ferrol, 1858), pp. 294-296). Desgraciadamente o documento desapareceu do citado arquivo. Consérvase, así e todo, unha copia no Arquivo Xeral de Simancas, da que temos copia (A.G.S., *Patronato Real*, caixa 58, doc. 25)”. A copia de Simancas (AGS, PTR, LEG. 58, DOC. 25) está dispoñible a través do Portal PARES: <http://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/description/2219162> [consulta: 07/08/2019].

<sup>109</sup> Gómez García, por exemplo, deu conta a Xoán II de diversos asuntos relativos ao Reino de Galicia e ao Principado de Asturias. Ademais, pediulle ao monarca que permitiría a Pedro Fernández de Bolaño cobrar 50.000 mrs. anuais de mercede na vila de Viveiro ou poder impartir xustiza na terra asturiana fronteiriza con Galicia, pois os malfeitores galegos pasaban frecuentemente ao outro lado e, desta forma, promete que “todos los caminos sean seguros e los romeros que por ellos pasan que vayan seguros tan bien en Asturias como en Gallisia”. Rexestado en Ladero Quesada e Olivera Serrano 2016: 1365-1366, doc. 3884, procedente do AGS, SE, leg. 1-1, f. 174r.

<sup>110</sup> Este documento procede do AGS, Estado, leg. 001-1-2, f. 157. No marco de preitos do Archivo de la Real Chancillería de Valladolid atopamos numerosos traslados de documentos medievais galegos que inclúen algúns de Xoán II, como un outorgado en Valladolid en 1426 dirixíndose a Paio Gómez de Soutomaior despois de que *don Lope de Mendoza, arzobispo de Santiago e del my consejo, me enbio a fazer rrelacion que, en tanto que el estovo conmigo en la my corte, que vos el dicho Payo Gomez començastes a faser e fasedes en vn castellar viejo que es en un lugar de la tierra del dicho arzobispo e de su yglesya que dizen Rrianjo vna fortaleza...* (Cooper 1991: 966, doc. 7).

<sup>111</sup> Lucas Álvarez 2001: 240-241, doc. 10, e véxase tamén o doc. 11, pp. 241-242, no que o monarca dirixiu unha provisión a Aras Pardo das Mariñas para que cumprira as sentenzas contra os que ocupaban inxustamente herdades de Soandres, e doc. 12, pp. 243-246, sobre o cumprimento de sentenzas contra Martín Sánchez das Mariñas e Aras Pardo. No caso do doc. 23, pp. 272-273, si aparecía rexestado por Sánchez Belda (1953: 530, doc. 1344).

A isto cómpre engadir as respostas do monarca a peticións concretas da nobreza como se documenta no caso da licencia que outorgou en maio de 1447 a favor de Pedro Bermúdez de Montaos, *my vasallo*, para que puidera refacer unha fortaleza, despois de que *me fesysteis rrelacion que el rreverendo padre don Rodrigo, arçobispo de Santiago (...), mandaua derribar la vuestra casa e castillo de Peñafior* (Cooper 1991: 969, doc. 16<sup>112</sup>).

A pesar do dito, tamén se conservan algúns documentos nos que o monarca non declara actuar ante un feito concreto ou como resposta a unha petición determinada. Así se observa nunha carta outorgada por Xoán II en Toro a 29 de xaneiro de 1432<sup>113</sup>. Con ela notifica aos prelados, cabaleiros, escudeiros, vasalos, concellos, alcaldes, alguacís, rexedores, xurados e homes bos das cidades, vilas e lugares do Reino de Galicia que

enbio por mis corregidores a ese dicho reino a Gomez de Benavides, mi vasallo, e al doctor Diego Gómez de Toro, oidor de la mi audiencia a los quales mandé fazer algunas cosas complideras a mi seruiçio, polo que lles manda que vos ajuntedes con ellos (...) e fagades e cumplades todas las cosas e cadda vna dellas que los dichos Gómez de Benavides e Doctor e cada vno dellos de mi parte vos dixeren e mandares. (Correa Arias 2009: 631-632)

Aínda que Xoán II non estivo en Galicia, a distancia non impediu a resposta contundente do monarca ante determinados feitos que non consideraba senón coma un des-servizo. Así, en Arévalo outorgou o 10 de xullo de 1421 unha carta que foi lida e trasladada en Santiago o día 27 dese mesmo mes. Nela advirte que lle foi “feito entender que D. Lope de Mendoza,

arzobispo de Santiago, ha llamado e fecho llamar gentes sin mi licencia e mandado”, ademais de que mandou “repartir por los vasallos e tierras del dicho Arzobispado grandes quantías de mrs. de pedidos o de empréstido o en otra manera”. Daquela, pediu que “nin pagedes nin consintades dar nin pagar al dicho Arzobispo nin outro alguno en seu nombre cosa alguna de lo que dicho Arzobispo así echó e mandó echar e repartir”, mandando expresamente a “Roy Sanchez de Moscoso e a todos los outros caualleros e escudeiros que viuen e moran e comercian en ese Arzobispado; que en caso que alguns quieran coger e pagar el dicho pedido ó empréstido o otra cosa alguna que se la non consientan e que se los apremien para que non lo puedan facer ni lo fagan” (Neira de Mosquera 1850: 218-220; Vicetto 1872: 28-29). A través do documento queda claro que Xoán II optou por actuar de forma contundente na realidade do Reino de Galicia cando era preciso.

Finalmente, convén sinalar que non son poucos os documentos relativos á facenda rexia do vello Reino de Galicia en tempos de Xoán II<sup>114</sup> –conservados fundamentalmente no Archivo General de Simancas, aínda que non só<sup>115</sup>–, o que xa ten posibilitado algúns estudos sobre o tema (Rubio Martínez 2008). É outro ámbito máis no que se plasman as relacións entre o rei e o reino, no marco dunha relación política e económica non exenta de límites e dificultades, especialmente se se compara cos cambios experimentados no ámbito económico e fiscal durante o reinado dos Reis Católicos<sup>116</sup>.

Como estamos vendo, resulta evidente que reinar desde a distancia implicaba poñer en circulación un bo número de documentos que, desta forma, percorreren con asiduidade os camiños medievais entre a corte e o reino

<sup>112</sup> Non se trata dun caso único. De feito, en 1452 o monarca dirixiuse a Gómez Pérez das Mariñas, *mi vasallo e mi alcalde del castillo e fortaleza de la my cibdad de la Coruña*, despois de que *me ynbiastes fazer rrelacion que vos tenedes en el vuestro lugar de Bergantinos qual es en el reyno de Galicia una fortaleza que se llama Cellobre qual tenedes una torre desmochada*, dándolle licencia para *fazer una ghirlanda nela* (Cooper 1991: 971, doc. 21).

<sup>113</sup> Queda rexistro desta carta no Fondo de Andrés Martínez Salazar do Arquivo da Real Academia Galega (caixa 106, 24).

<sup>114</sup> Algúns foron editados de forma dispersa como sucede coas condicións para o arrendamento das rendas do sal nos “alfolíns” de Galicia impostas por Xoán II en Portillo o 2 de febreiro de 1452. Véxase García Oro 1999: 282-290, doc. 3, con referencia arquivística a AGS, *Diversos de Castilla*, 6-14.

<sup>115</sup> De feito, algúns documentos de Xoán II sobre o tema conservados en arquivos galegos teñen sido recuperados para explorar a relación dos xudeus coa facenda rexia. Véxase Antonio Rubio 2006: 390-391, 426-429, 436-446 e 458-462, docs. 41, 127, 143, 146, 148, 155, procedentes do AHN, *Clero secular-regular*, carp. 3115, n° 1; AHPOU, *Acordos do Concello*, I, ff. 113-120v; ACOu, *Fragments de notarios*, E-1, ff. 15-25v; MPP, *Livro do concello de Pontevedra*; e AHPOU, *Acordos do Concello*, II, ff. 10-12, varios previamente xa editados íntegros.

<sup>116</sup> Véxase Rubio Martínez 2016: 98-181 para unha evolución das rendas reais ordinarias entre 1406 e 1504 e pp. 219-268 para unha evolución dos impostos extraordinarios.

de Galicia de forma bidireccional. Isto esixía contar con portadores e axentes transmisores deses pergamiños e de noticias en soportes hoxe desaparecidos. Porén, non son moitos os detalles que conservamos ao respecto e, de feito, ás veces só contamos con meras referencias indirectas. Neste sentido podemos citar o caso do notario Álvaro Eanes das Eiras, quen, ao ser enviado polo bispo tudense Xoán Fernández de Soutomaior á corte de Xoán II, presentou a súa renuncia á notaría de Baiona o 17 de febreiro de 1415 (Domínguez Fontela 1938: 306; 1940, 239-240). Tal como consta entre as notas e traslados documentais conservados nun códice do notario (BNE, ms. 23076, f. 16r), o citado Álvaro, presentándose como vasalo do rei, compareceu publicamente levando “hũa *carta escripta en papel e firmada do nome de nosa senora a Reyna, titora e rregedora de nostro señor el Rey e seelada do seello de nostro señor el Rey*” na que “pareçia que o dito Aluaro Yanes era notario da dita villa de Bayona por lo dito señor rrey” –a cal non foi trasladada entre os documentos que conservamos– e xustificou a súa renuncia por non poderse facer cargo do oficio da escribanía ao ter que ir presencialmente á Corte –“fora ao dito señor Rey e alo morara por espazo de tres meses”–, aínda que non declarou o motivo exactos que o conduciron até alá. Fora cal fose, é un bo exemplo dos desprazamentos que tanto os axentes rexios como as xentes de Galicia terían que realizar polos camiños medievais para levar os documentos e noticias que, en todo caso, comprobamos que estaban circulando con asiduidade entre o rei e o reino de Galicia durante o reinado de Xoán II.

Tal como puidemos comprobar, os fondos que informan sobre a relación de Xoán II coas institucións eclesiásticas e municipais de Galicia, así como coa aristocracia dos diferentes niveis da xerarquía nobiliaria galega, son diversos e precisan nun futuro inmediato dun estudo detido que permita recompilar os instrumentos

precedentes directamente da chancelaría rexia, así como dos representantes reais en territorio galego, para clarificar en todas as súas dimensións as complexas e dinámicas relacións entre o rei e o reino.

## 2. Dous privilexios rodados de Xoán II referentes a Galicia na Biblioteca de Catalunya

Sendo o obxectivo último deste traballo recuperar e divulgar dentro da comunidade científica –moi especialmente dentro da historiografía galega e da especializada no estudo da monarquía– dous diplomas de Xoán II relacionados coa realidade galega conservados na Biblioteca de Catalunya, é preciso abordar, aínda que sexa brevemente, unha análise histórica do seu contido e forma. Neste sentido, tamén resulta importante ter en conta o contexto de produción destes dous privilexios rodados dentro da corte e da chancelaría de Xoán II<sup>117</sup>.

De todos modos, antes de abordar esta análise faise necesario ofrecer un breve apuntamento sobre a localización actual dos dous privilexios rodados agora recuperados. Aínda que non podemos reconstruír con precisión o itinerario seguido por ambos pergamiños desde Galicia até Cataluña, onde actualmente forman parte do rico fondo de “Pergamins” da Biblioteca de Catalunya<sup>118</sup>, no caso dun deles –o desaparecido despois de 1868 do arquivo municipal de Ribadavia– si sabemos que a súa chegada á citada biblioteca tivo lugar a raíz da doazón de libros e material bibliográfico-arquivístico que realizou Frederic Marès i Déulovol (1893-1991) a favor da antedita Biblioteca de Catalunya, conformando dentro desta o chamado “Museu del Llibre Frederic Marès” (Mundó 1994: XI). Aínda que o donante é coñecido fundamentalmente pola súa profesión de escultor, para o que aquí nos interesa, hai que destacar a súa faceta como coleccionista, ben representada no actual Museo Frederic Marès<sup>119</sup>. En todo caso, más alá dos obxectos

<sup>117</sup> Ao igual que o itinerario do monarca, esta foi estudada por Francisco de Paula Cañas Gálvez (2012).

<sup>118</sup> Nesta colección consérvanse documentos datados entre os séculos IX e o XVIII de moi distinta tipoloxía e procedencia. De feito, ademais dos documentos referentes a Galicia que hoxe recuperamos hai outros do mesmo Xoán II de Castela (caso de dous privilexios rodados outorgados un o 15 de marzo de 1420 en Valladolid, confirmando unha doazón de seu pai Henrique III a favor de Lope Vázquez de Acuña, e o outro do 21 de xaneiro de 1441 en Tudela de Duero, concedido a favor de Juan Ruiz de Agreda. *Vid.* BC, Perg. 465, Reg. 15205 e BC, Perg. 1 GF, Reg. 15207, respectivamente) e doutros monarcas casteláns-leoneses. Un fondo, en definitiva, que ben merece ser explorado polos historiadores do conxunto peninsular <http://mdc.csuc.cat/cdm/landingpage/collection/pergamibc> [consulta: 1/3/2020].

<sup>119</sup> <https://w110.bcn.cat/museufredericmares/ca/museu> [consulta: 1/3/2020].

e esculturas reunidos por Marès, os libros e documentos históricos tamén formaron parte da súa actividade coleccionista, herdada –e é posible que isto sexa de especial relevancia para explicar o incorporación do pergamiño galego ao seu patrimonio persoal– do seu pai, Pere Marès i Oriol, gran bibliófilo e coleccionista (*Id.*)<sup>120</sup>. Como resultado desta querenza polo patrimonio, Marès reuniu unha destacada colección de pergamiños de temática variada, dentro da cal Mundó (1994: XVI) sinala que “resulta espectacular la sèrie de *signes rodats* que decoran bellament una colla de documents reials castellans des del segle XIII al XV; precedits per un de Ferran I de Castella-Lleó en escriptura visigòtica”, entre moitos outros. En todo caso, do catálogo do Museu del Llibre Frederic Marès interéсанos destacar o pergamiño nº 23 que se corresponde actualmente coa sinatura da Biblioteca de Catalunya, Perg. 343, Reg. 15206 (Mundó 1994: 35<sup>121</sup>) e que, a pesar de coñecermos o texto por transcricións anteriores, actualmente considerábase perdido, polo menos para a historiografía medieval galega. Sen ningunha outra referencia sobre a orixe deste documento, poderíamos preguntarnos se a incorporación ao fondo de Frederic Marès tería lugar por unha adquisición persoal ou talvez paterna, sendo, neste último caso, quizais nunha data próxima á desaparición do arquivo de Ribadavia no último terzo do século XIX. Sen posibilidade de profundar máis na cuestión polo momento, cando menos temos unha pista clara sobre a súa procedencia ou itinerario, algo que descoñecemos para

o privilexio rodado outorgado a favor de San Vicenzo do Pino, máis alá de saber, como veremos despois, que cando menos no século XVI saíu do territorio galego para ser presentado ante a Chancelería de Valladolid no marco dun preito entre o mosteiro e a Condesa de Lemos.

Á espera de poder avanzar máis sobre estas itinerarios posmedievais do noso patrimonio documental, vexamos con maior detalle os documentos cuxa edición ofrecemos ao final do traballo.

O primeiro dos pergamiños que nos interesa –por orde cronolóxica– correspóndese cun privilexio rodado outorgado en Valladolid o 19 de decembro de 1419 por Xoán II a favor de San Vicenzo de Monforte –como aparece nomeado no documento– ou San Vicenzo do Pino<sup>122</sup> (Biblioteca de Catalunya, Perg. 469, Reg. 4584). Estamos ante un documento do que só se tiña noticia puntual (López Peláez 1895: 158-159) e que, coa súa localización e edición, agardamos contribuír a enriquecer a propia colección diplomática do mosteiro que, aínda así, grazas ao estudo de Rodríguez Fernández (1990), xa contaba a día de hoxe con máis de medio millar de documentos editados<sup>123</sup>.

Até o momento, os documentos rexios localizados e editados relacionados con Monforte non superaban o reinado de Afonso X<sup>124</sup>. Porén, algunhas noticias puntuais xa confirmaban que os monarcas baixomedievais tamén outorgaron documentos a favor do mosteiro, ben con algunha concesión, ben confirmando as de monarcas anteriores. En todo caso, á espera de que poidan aparecer novos documentos rexios,

<sup>120</sup> De feito, aínda que se descoñece a procedencia de moitas das pezas coleccionadas por Frederic Marès, sábese con seguridade que unha parte dos seus manuscritos e impresos procedía da biblioteca reunida polo pai (Mundó 1994: XX). Tamén o nome de Pere Marès i Oriol aparece asociado a outras pezas artísticas como no caso de “un retaule d’inicio del segle XVI, que es diu que representa el Beat Ramon Llull, presentat per Pere Marès i Oriol”, ao que fai referencia Boronat i Trill (1999: 460) no seu estudo sobre as adquisicións da Junta de Museus a finais do século XIX e inicios do XX. Incluso Carlos Sáez considera a “Marès como el principal exportador de los documentos que hoy forman el fondo Lijachiev”, conservado no Arquivo da Academia das Ciencias de San Petersburgo, advertindo moi acertadamente que as investigacións sobre esta figura “podrán relevar importantes detalles sobre la forma en que una parte de nuestro patrimonio documental se dispersó durante el siglo pasado [refírese ao s. XIX] en un proceso que no debió ser ajeno a las consecuencias de las desamortizaciones” (Sáez e Sáez 1993: 16). Precisamente, neste fondo volvemos atopar documentos rexios procedentes de Galicia como un traslado con dúas autenticacións notariais en galego dos séculos XIII ou XIV dunha carta de Afonso X, potenciando o núcleo costeiro de Ortigueira en 1255 (*Ibid.*: 75-76, doc. 18).

<sup>121</sup> “P. 23. 1420, abril, 17, Valladolid. Carta rodada per la qual el rei Joan II de Castella confirma el privilegi concedit per Alfons X als mercaders i els habitants de Rivadavia segons el qual no podrán ésser forçats a concedir emprèstis al rei. Not. García de Vergara, escrivà major.- 557 x 525 mm. El segell pendent s’ha perdut”.

<sup>122</sup> Un breve estudo histórico deste mosteiro en Pérez Rodríguez 2019: II, 667-674.

<sup>123</sup> Recentemente tamén foi publicado un pequeno traballo no que se recuperou documentación de interese para a historia do mosteiro e, moi especialmente, para confirmar a intervención da monarquía na área monfortina a finais do século XI e inicios do XII. Véxase García-Fernández e Ibáñez Beltrán 2019.

<sup>124</sup> Eran un de Afonso VII, sete de Afonso IX e un de Afonso X. Véxase a súa edición en Rodríguez Fernández 1990: 241-243, 245-250, 252-255 e 258-261, docs. 3, 4, 6, 7, 8, 10, 11, 12 e 15.

o aquí recuperado informa non só da conservación dun privilexio de Xoán II confirmatorio dos *fueros*, bos usos e bos costumes dos que viñan facendo uso desde o tempo “de los reis onde yo vengo e del rey don Juan mi ahuelo e del rey don Enrique mi padre e mi señor”, senón tamén confirmatorio de todos os privilexios e outras cartas concedidas polos monarcas anteriores, especificando até en dúas ocasións máis os nomes do avó, Xoán I, e do pai, Henrique III. Estamos ante un simple recurso formular? Ou é indicio da existencia doutros documentos rexios a favor de Monforte outorgados por parte da dinastía Trastámara? Esperamos que novas descubertas permitan confirmar este último aspecto. En todo caso, este privilexio enmárcase dentro da lóxica confirmatoria de moitos outros diplomas rexios concedidos no ano de proclamación da maioría de idade de Xoán II, como xa vimos anteriormente<sup>125</sup>.

Cómpre sinalar finalmente que, a pesar da súa localización actual, na parte posterior do pergamiño indícase que foi “presentado y pasado por la Chanzilleria de Valladolid a 25 de Mayo de 1543 años en el pleyto con la Condesa de Lemos. Consta de la fee y testimonio puesto a su respaldo de Francisco de (...)”. Esta breve nota, xunto a outra do mesmo tenor tamén situada na parte posterior do pergamiño (cf. *infra* n. 141), informan do itinerario do pergamiño a inicios da Idade Moderna, momento no que, efectivamente, non poucos documentos transitaron os camiños desde as institucións que os custodiaban até os diferentes tribunais nos que se desenvolveron uns preitos relativamente frecuentes<sup>126</sup>. Porén, descoñecemos os

avatares que sufriu a partir de aí e que levarían o documento até o fondo de pergamiños da Biblioteca de Catalunya.

O segundo pergamiño é outro privilexio rodado de Xoán II outorgado en Valladolid o 17 de abril de 1420 (Biblioteca de Catalunya, Perg. 343, Reg. 15206). Neste caso non estamos ante un documento realmente descoñecido. De feito, non é esta a primeira edición que se publica do mesmo. Xa en 1908 Leopoldo Meruéndano deu a coñecer o seu contido pero non a partir da lectura do pergamiño orixinal senón dunha transcripción realizada no século XIX polo párroco Vicente Eguía<sup>127</sup>. O motivo polo que non se partiu do orixinal foi que o pergamiño agora localizado na Biblioteca de Catalunya desapareceu do Arquivo do Concello de Ribadavia, ao parecer xunto a outros orixinais “debido á la perturbación que en dicho archivo produjeron las variaciones que durante el período revolucionario del año de 1868 tuvieron lugar en la administración municipal” (Meruéndano 1908: 193). En todo caso, agora é posible proceder a unha relectura e reedición do documento a partir do orixinal, corrixindo algúns erros de transcripción e actualizando a interpretación dalgunha pasaxes do texto.

En canto ao seu contido, estamos ante unha nova confirmación de Xoán II, neste caso dun documento de Afonso X outorgado en Segovia o 30 de xuño de 1256, polo cal este monarca prometera aos mercadores de Ribadavia que de alí en diante non se lles esixirían empréstitos forzosos<sup>128</sup>. Tal como relata o documento, o punto de partida está na reclamación presentada polos cabaleiros de Ribadavia, con

<sup>125</sup> A alusión ao avó e ao pai é un recurso habitual no formulario chanceleresco, pero tamén recolle a relación existente entre a monarquía e as persoas e institucións que se ven beneficiadas pola concesión de privilexios. Isto pode comprobarse a tenor da carta de privilexio onde se confirman as súas liberdades tal como as ratificou ao mosteiro de Santa María de Oseira o rei Xoán I, pola raíña Catalina de Lancaster e o infante Fernando de Antequera, en nome do rei Xoán II. Este documento proba, así mesmo, que un privilexio rodado podía ser confirmado despois pero non necesariamente baixo esa mesma fórmula, senón como una carta de privilexio convencional, talvez debido a unha circunstancia que afonda na voluntariedade do peticionario de demandar a expedición do novo privilexio coa roda do rei ou non (AHN, Clero Regular-Secular, Carp. 1552, N. 2. 1407, setembro, 21. Segovia). Así o corrobora a existencia doutros privilexios rodados concedidos polos tiores durante o período da minoría de idade rexia, como a confirmación dun privilexio de Henrique III a favor de Juan Ramírez de Arellano (AHN, TOCA, CP. 396, D. 1. 1408, xuño, 10. Alcalá de Henares).

<sup>126</sup> A executoria dun preito entre a Condesa de Lemos e o mosteiro do Pino en relación coa construción dun edificio e aceas no río Cave véxase en ARChVa, *Registro de Ejecutorias*, caixa 989, n.º 24.

<sup>127</sup> Meruéndano 1908: 193-194. A partir desta edición foi empregado para o estudo de Ribadavia e a súa comarca, xunto a un total de 73 documentos reais (12 do século XIV e 61 do século XV), en Deaño Gamallo 2004: 14. Cómpre sinalar, non obstante, que en Eiján 1920: 179-180 e 267-269 tamén se ofrece unha transcripción do documento indicando que en nota a rodapé, cando se transcribe a confirmación, que “se conserva copia de este Real Privilegio, sacada del original que ha desaparecido del A. M. R., en el A. S. F., leg. 1, núm. 19”.

<sup>128</sup> A partir da edición publicada por Meruéndano, pero sen ter sido localizado naquel momento o orixinal, aparece referido en González Jiménez e Carmona Ruiz 2012: 189, doc. 1144.

“personería de su concejo”, ante os agravios recibidos no tempo de Fernando III en relación aos empréstitos tomados dos mercadores ribadenses, que continuara percibindo o propio Afonso X. Daquela, ante as queixas recibidas e co desexo de potenciar o crecemento da vila, o que implicaba favorecer o asentamento de mercadores, o rei outorgou o privilexio.

Case dous séculos máis tarde, as xentes de Ribadavia –Concello, cabaleiros, mercadores, homes bos, veciños e moradores– dirixiron unha petición á el-Rei, neste caso Xoán II, para confirmar o privilexio, o que tivo lugar ao ano seguinte do inicio do reinado efectivo do monarca, acompañado pola súa muller, María de Aragón, e a súa irmá dona Catalina.

Aínda que para os últimos dous séculos medievais non son moitas as mencións expresas a mercadores de Ribadavia<sup>129</sup>, outros indicios evidencian unha actividade comercial de certa entidade nesta vila e a súa contorna (Deaño Gamallo 2004: 105-116 e 124-125), especialmente ligada ao viño do Ribeiro. É neste contexto no que cobra sentido o documento de Afonso X e a súa confirmación por Xoán II (Eiján 1920: 179 e ss., e 266 e ss.). Incluso Samuel Eiján apunta a que a confirmación “va principalmente dirixida contra los abusos del Señorío de la Villa” (*Ibid.*: 269), que, como xa se indicou, acabaría confirmado a favor dos Sarmiento.

Os dous privilexios de Xoán II que aquí recuperamos foron outorgados na vila de Valladolid. De feito, esta tivo un lugar preferente no itinerario do monarca e, incluso, durante a primeira metade do século XV reforzaría o papel que xa viña ocupando dentro dos itinerarios rexios e do asentamento dos principais organismos burocráticos desde tempo atrás, producíndose finalmente “el asentamiento prácticamente definitivo de la Real Chancillería en 1442” (Cañas Gálvez 2009).

A data do primeiro documento correspóndese co 19 de decembro de 1419. En realidade, o itinerario do monarca sitúao nese mes entre Toledo (días 5, 9 15 e 25 de decembro) e

Madrid (26 de decembro)<sup>130</sup>. Parece, por tanto, que a Chancellería de Xoán II expediu o documento en Valladolid sen que, nesa altura, o rei estivera presente. De todos modos, o itinerario deste durante os meses de outubro e novembro dese ano reduciuse practicamente á citada vila (Cañas Gálvez 2007: 176-177).

Respecto ao segundo pergamiño, de novo parece haber un certo desaxuste entre a data tónica de expedición do documento e o itinerario do monarca. Outorgado en Valladolid o día 17 de abril de 1420, nesa altura o monarca parece estar de viaxe desde Madrid cara a Valladolid, pero sen chegar alá até aos últimos días dese mes. O 14 de abril sitúase en Madrid, o 15 en Pozuelo de Alarcón, o 18 en El Espinar, o 23 posiblemente en Balisa e, finalmente, o 28 de abril en Valladolid (*Ibid.*: 182).

Máis aló de poder apreciar por outros testemuños documentais similares o establecemento continuado da chancellería rexia en Valladolid entre finais de 1419 e a primavera de 1420, a posibilidade de observar as traxectorias debuxadas polo soberano de forma independente ao aparato chanceleresco, mostra a consolidación do aparato burocrático estatal á marxe do corpo natural do monarca. Como parte dese afianzamento das infraestruturas estatais, a expedición destes dous documentos reflicte a independencia coa que operan os órganos de expedición documental, unha situación que se viría xestando xa en reinados anteriores, se ben cun enfoque decidido no século XV<sup>131</sup>, e que debe ser posto en relación coa situación que reflicten as monarquías peninsulares, nas que a abundancia documental da Coroa de Aragón permite observar este feito en datas aínda máis temperás (Laliena Corbera 2018: 126-131).

O feito de que as datas nas que se expiden os documentos se sitúen entre dúas reunións de Cortes –as de Madrid, cuxo caderno data do 12 de marzo de 1419, e as de Valladolid, que datan do 13 de xuño de 1420<sup>132</sup>– ofrece unha idea sobre os ritmos de produción documental, máis aló dos momentos de comunión que as Cortes podían constituir para o conxunto

<sup>129</sup> Deaño Gamallo 2004: 97-98 e 140. Diversas noticias sobre a realidade urbana de Ribadavia en López Carreira 1999.

<sup>130</sup> Cañas Gálvez 2007: 177-178. “Desde Valladolid la Corte se vino a Toledo, para trasladar los restos de la Reina Catalina a la sepultura de Enrique III, y de allí se fueron a Madrid para pasar la Navidad” (Porras Arboledas 1995: 91).

<sup>131</sup> Cañas Gálvez 2012: 22-23. Nesta obra o seu autor ofrece un importante número de títulos de traballos doutros autores sobre esta cuestión, que non consideramos oportuno repetir aquí.

<sup>132</sup> Real Academia de la Historia 1866: 22-29. Poderíamos citar tamén as Cortes de Valladolid que se celebraron uns meses despois, concretamente o 5 de xullo de 1420 (*Ibid.*: 36).



territorial da Coroa. Precisamente, as reunións de Cortes adoitaban ser aproveitadas para levar a cabo reivindicacións ou solicitudes de concesión e/ou confirmación de privilexios rexios, grazas ao momento de encontro que se estimulaba a propósito, elemento que tampouco está presente á hora de entender a expedición dos dous privilexios rodados que estamos analizando. Pola contra, tanto a ausencia do rei como a falta de conexión coas reunións de Cortes informan sobre o funcionamento da práctica chanceleresca e a tramitación documental máis aló dos avatares políticos ou das negociacións que puideran producirse coa monarquía por parte dos interesados.

Podería reflexionarse, en consecuencia, sobre o procedemento de solicitude documental e, nese sentido, non parece casual que, no caso dos documentos que nos ocupan, este fora levado a cabo nos primeiros anos do reinado de Xoán II tras ter asumido o goberno en solitario, unha vez concluída a minoría rexia. Aínda que a raíña Catalina de Lancaster e o Infante Fernando de Antequera, en tanto que titores do mozo Xoán II, tamén poderían levar a cabo a expedición e confirmación de privilexios, ou mediar na resolución de conflitos de índole xurídica, como revela a controversia no mosteiro de Oia sobre o seu abade<sup>133</sup>, transmitir as súas demandas ao novo soberano outorgaba unha lexitimidade renovada ás mercedes que xa foran outorgadas polos anteriores reis da Casa Trastámara. Cabería preguntarse se os interesados terían comparecido ante a chancelaría rexia para transmitir a súa petición de obter a renovación dos seus privilexios. O privilexio rodado constitúe un tipo documental que é expedido ante a solicitude dun demandante, un trazo que se reflicte non só no interese polo valor xurídico do contido, senón tamén no aspecto da propia peza documental. Na petición por parte do interesado dun documento de características semellantes, o máis solemne que expedía a chancelaría real, cumpriría presentar como posibles causas tanto a beleza e o custe da factura do soporte, como

o prestixio que concedía contar cun documento no que era incluída a roda do soberano en cuestión, o que revela, así mesmo, a consideración cara á monarquía e o recoñecemento cara á súa autoridade a través da forma do privilexio rodado. Concibido como un documento de aparato, potenciábase a vinculación entre o seu destinatario e a institución que o outorgaba, realizando o status do primeiro e outorgando solemnidade ao acto xurídico que se contiña nel. Hai que ter en conta que neste tipo de documentos aparece unha representación da corte a través das persoas que son referenciadas, entre as que cómpre distinguir a alusión á familia real, por un lado, e, por outro, aos principais poderes laicos e eclesiásticos da Coroa de Castela, contidos na relación de confirmantes.

Pese á tendencia que dentro dun mesmo reinado podía existir á hora de nomear a cada un destes dous grupos conforme a unha mesma formulación, a aparición dunha orde determinada no que respecta á relación dos confirmantes constitúe un elemento que ofrece unha información de gran valor á hora de coñecer as faccións de poder no ámbito cortesán. No caso concreto dos dous documentos que nos ocupan, a alusión á familia real é particularmente interesante, posto que, xunto ao nome de Xoán II, son incluídos os de María de Aragón e o da irmá do rei, a infanta Catalina de Castela. O nome da primeira delas, a esposa do monarca –no primeiro dos documentos aínda sen se teren celebrado as vodas, que tiveron lugar en Ávila en agosto de 1420 (Álvarez Palenzuela 2006; Pelaz Flores 2017: 301)–, formaría parte da conexión que, grazas ao vínculo matrimonial co soberano, debía facerse constar a través da fórmula “*irreynante en vno*”. Non obstante, esta mención debía verse completada coa inclusión dunha terceira persoa, que adoitaba afectar ao príncipe herdeiro, aínda que tamén se poden apreciar outras variantes, nas que son asociados os outros infantes e infantas nados no seo da parella rexia ou que foran fillos do monarca, no caso de ter descendencia con diferentes esposas<sup>134</sup>. A

<sup>133</sup> A disputa tivo lugar como consecuencia da marcha cara ao reino de Portugal de frei Gonzalo da Silva, quen fora abade no mosteiro, o que provocou a falta dunha persoa a cargo da xestión dos bens monásticos e a necesidade de que fora recoñecido un novo abade, frei Rodrigo de Figueroa. Dadas as circunstancias, o mosteiro solicitara á raíña Catalina e ao Infante Fernando de Antequera que tomaran baixo a súa protección o novo abade (BNE, ms. 23076, f. 8r; 1411, maio, 29. Valladolid). Sobre este documento véxase tamén, *supra*, a nota 28.

<sup>134</sup> Con todo, existen outras variantes menos frecuentes, como ocorre no caso do privilexio outorgado en favor de Xoán Ramírez de Arellano, ao que fixemos referencia con anterioridade. Neste caso, xunto ao nome de Xoán II aparecen os das súas irmás, as infantas María e Catalina, mantendo a tripla alusión ás persoas asociadas ao trono, sen facer mención ao goberno dos titores rexios. AHN, TOCA, CP. 396, D. 1. 1408, xuño, 10. Alcalá de Henares.

fórmula empregada nos documentos de Monforte e Ribadavia non se corresponde con esta lóxica. A falta de descendencia da, aínda nova, parella rexia e a necesidade de completar o corpo trinitario da monarquía que se evidenciaba a través da fórmula chanceleresca outorgaba protagonismo á irmá do rei, como sucesora ao trono no caso da desaparición de Xoán II<sup>135</sup>.

Pola súa parte, a listaxe de confirmantes reflicte con claridade a preponderancia do partido que dominaba o panorama cortesán tras a chegada ao trono en solitario de Xoán II, que tantas dificultades lle traería ao monarca: os seus curmáns, os Infantes de Aragón, fillos do desaparecido Fernando de Antequera, o monarca Fernando I de Aragón. Os curmáns do soberano, ordenados conforme á súa capacidade de liderado –o infante Xoán, seguido dos infantes Enrique e Pedro de Aragón–, situábanse á cabeza dos principais homes dentro da corte de Xoán II, entre os que figuraban outros membros da parentela rexia ou algúns dos cargos de maior prestixio na xestión da terra do rei, como o almirante Fadrique Enríquez ou o condestable Ruy López Dávalos, adiantado maior do reino de Murcia.

Cómpre destacar tamén a posición que ocupa entre os confirmantes de ambos pergamiños –a pesar das dificultades de lectura que se observan ao respecto no segundo deles– o nobre galego don Fadrique, “conde de Trastámara e de Lemos e de Sarria”. De feito, o que sería nomeado duque de Arjona en 1423 non só era parente do monarca e *vasallo del rey* como se afirma no texto, senón tamén o home que encabezaba a pirámide nobiliaria galega. Non resulta estraño, pois, o lugar destacado e case individualizado no que aparece referido o seu nome. Aínda que don Fadrique remataría caendo en desgraza ante Xoán II polo seu decidido apoio ao bando dos Infantes de Aragón, a súa traxectoria na Corte foi sumamente destacada e está ben documentada (Pardo de Guevara y Valdés 2000: I, 253-292).

Se nos detemos nas columnas inferiores, debe ser destacada a presenza de varios personaxes relacionados tanto coa nobreza laica como eclesiástica galega. Aínda que varios deles forman parte dos cargos que comunmente aparecen citados entre os confirmantes –como o arcebispo de Santiago, Lope de Mendoza, quen tamén era capelán maior do rei e aparece citado tan só detrás do arcebispo de Toledo, ou o adiantado maior do reino de Galicia, Gonzalo Fernández Sarmiento–, outros cargos gardan relación co propio contido dos documentos. Así se constata a través da introdución na sexta columna de “La iglesia de Orenes (Ourense)” e de don Xoán, bispo de Tui, os cales, a diferenza de don Xil, bispo de Mondoñedo, ou don Fernando, bispo de Lugo, non aparecen noutros privilexios rodados coetáneos, como a confirmación realizada en 1420 a favor de Pedro López de Zúñiga, en relación coa posesión da vila de Burguillos del Cerro e a súa xurisdición<sup>136</sup>.

Desta maneira, tense en conta a estrutura da corte por medio dos seus membros máis ilustres, pero tamén queda lugar para a adaptación dos confirmantes de acordo coa natureza territorial do contido documental. A pesar de que isto puidese entenderse como unha cuestión menor, non deixa de reflectir as variacións que podían introducirse na que se presentaba, *a priori*, como unha imaxe fixa da corte.

Se retomamos a cuestión do procedemento que se esconde tras a expedición documental e se ben é certo que existen dificultades que impiden coñecer con maior precisión a posta en marcha do contacto entre o petionario e a monarquía, si existen algunhas particularidades que deben ser sinaladas<sup>137</sup>. A falta de rexistros chancelerescos complica o rastreo do procedemento, pero existen algunhas alusións dentro dos propios documentos que axudan a clarificar a cuestión<sup>138</sup>. No caso concreto do documento expedido a favor dos mercadores

<sup>135</sup> En todo caso, habería que ter en conta a reivindicación que a primoxénita de Henrique III e Catalina de Lancaster, María de Castela, continuaría facendo da súa posición a través da xestión do seu patrimonio en Castela, ao longo dos primeiros anos do goberno do seu irmán (Diago Hernando 2008).

<sup>136</sup> No traslado do privilexio que se conserva é mencionada no seu lugar a igrexa de Coria e frei Juan de Morales, bispo de Badajoz, mentres era incluído o bispo de Ourense na listaxe de confirmantes. AHNOB, OSUNA, C. 339, D. 23. 1420, s/m, s/d. Valladolid (data do traslado: 21 de xuño 1788, Béjar).

<sup>137</sup> As dúbidas sobre o proceso de solicitar a expedición dunha carta de privilexio ou a confirmación dun privilexio xa existente recóllense en traballos de natureza similar ao que aquí se presenta, se ben para datas máis temperás ou para localidades dispaes ás galegas, como se constata no estudo de Crespi de Vallaura 2001: 145-146.

<sup>138</sup> Noutros contextos chancelerescos, como a Santa Sede, os primeiros rexistros documentais das peticións contidas na Penitenciaría, non se inician até 1342. Véxase Patrick Zutshi 2003.

de Ribadavia, obsérvase entre a mercede orixinal que tería dado Afonso X tras a comparecencia ante a chancelería rexia dunha representación do concello (“vinieron cavalleros de Ribadavia con personería de su concejo e mostráronme los agraviamientos”). Poderíamos entrar a debater se esa comparecencia foi levada a cabo ante o propio monarca ou se se trata dunha comunicación cos burócratas encargados de tramitar este tipo de asuntos, dada a mimetización que se busca producir entre o funcionamento do aparato institucional monárquico e a persoa física do soberano, pero si queda clara a presenza dunha delegación do concello para obter a primeira carta de “preuilegio (...) en pargamino de cuero rodado”, que sería expedida o 30 de xuño de 1256 na cidade de Segovia. Con todo, a acción que sinala o texto correspondente co privilexio confirmatorio de Xoán II é diferente, debido a que non se menciona unha nova visita á corte, senón que “agora embiáronme pedir por mercet que les confirmase”. No primeiro dos casos, temos un procedemento de súplica ante o rei<sup>139</sup>, mentres no segundo estase falando dunha comunicación tramitada entre institucións, en aras da actualización da mercede contida no privilexio de Alfonso X<sup>140</sup>.

Moi diferente resulta, en cambio, o privilexio outorgado ao mosteiro de San Vicenzo do Pino de Monforte. Nesta ocasión, aínda que se trata dun documento confirmatorio, non o é dunha mercede en concreto, senón de todas aquelas das que dispuxera a institución, que son revalidadas mediante a fórmula do privilexio rodado que concede a chancelería de Xoán II. Non existe referencia a ningún tipo de petición por parte do mosteiro, probablemente porque se busca conectar a espiritualidade da monarquía co acto documental. Isto é, revestir o acto xurídico dun compoñente piadoso e outorgalo como unha medida graciosa por parte do soberano, procurando facer énfase no seu

apoiio a favor da institución monástica, con independencia de que esta non fora unha decisión que tomaran de forma sistemática todos os reis cara aos mosteiros do seu territorio, o que nos sitúa de novo ante unha estratexia chanceleresca que se adapta á natureza do peticionario e ás necesidades da Coroa.

Finalmente, en canto á tipoloxía e factura documental, cómpre advertir que estamos ante dous bos exemplos do coidado co que se decoraban algúns destes documentos rexios<sup>141</sup>, sobre todo cando nos estamos a referir a testemuños marcados pola súa solemnidade como é o caso dos privilexios rodados<sup>142</sup>. Fronte a outros testemuños documentais de Xoán II referentes a Galicia –boa parte dos referidos *supra*–, os dous pergamiños da Biblioteca de Catalunya destacan polo coidado co que foron elaborados pola chancelería rexia, especialmente no que se refire á confección e decoración tanto das capitais iniciais como do signo rodado. Talvez esta riqueza decorativa sexa a que explique, dalgún modo, a desaparición do pergamiño do arquivo municipal de Ribadavia no século XIX para acabar pasando ás mans dun coleccionista privado até a súa incorporación á Biblioteca de Catalunya, onde actualmente comparte espazo, como estamos vendo, con outro documento galego caracterizado por unha decoración aínda máis rica e detallada, como é a do exemplar procedente inicialmente de San Vicenzo do pino.

Respecto do primeiro elemento, o “E” e o “S” que dan lugar ao inicio do texto en cadanseu pergamiño (Figs. 1 e 2) destacan polo seu tamaño dentro da caixa de escritura (10 unidades de pautado) e pola súa coidada factura no que respecta á decoración afiligranada, externa e interna, e á combinación cromática, en dúas cores, vermella e azul escura (no caso do documento de Ribadavia, Fig. 1, a tinta azul, cun pigmento diferente e ton máis escuro, xa está moi esvaída).

<sup>139</sup> O procedemento da súplica constitúe un caso de estudo de grande interese xa que permite formular numerosos interrogantes, aínda que se trata dun fenómeno coñecido e rexistrado ao longo do conxunto europeo. En relación aos rituais que acompañan a tramitación das súplicas e a súa orixe, pode consultarse o traballo de Koziol 2003: 21-36.

<sup>140</sup> Sobre a tramitación das peticións realizadas por parte de vilas e cidades e a formalización desta tendencia até a configuración dos suplicatorios xa no século XVI, véxase Puñal Fernández 2009.

<sup>141</sup> Un estudo sobre o caso da iluminación en documentos do fillo e sucesor de Xoán II, Henrique IV, en Villaseñor 2006.

<sup>142</sup> Un recente estudo sobre a importancia de determinados elementos contidos neste tipo documental á hora de reforzar a construción da memoria real, destacando tamén a súa importancia como instrumentos de comunicación política, en Arias Guillén 2019.




Fig. 1. Capital de BC, Perg. 343. Reg. 152006




Fig. 2. Capital de BC, Perg. 469. Reg. 4584

Cómpre sinalar que noutros documentos rexios de Xoán II referentes a Galicia non foron realizadas estas capitais decoradas mais si constan os reservados correspondentes para a súa realización. Certamente non sabemos o motivo polo que non se fixeron, só que chegaron ao seu destino sen a decoración prevista. Son varios os exemplos que se poden citar de entre os xa referidos con anterioridade neste traballo, aínda que é importante advertir que estamos ante pergamiños rexios moi diferentes aos aquí recuperados, xa que ningún é un privilexio rodado, é dicir, un documento caracterizado pola máxima solemnidade e, por tanto, máis susceptible de recibir un tratamento formal e decorativo especialmente coidado e rico, como así se comproba nos privilexios que nos ocupan<sup>143</sup>.

Noutros casos, a capital si aparece, mais, a pesar do seu coidado caligráfico, carece da riqueza decorativa e cromática dos documentos que aquí nos interesan<sup>144</sup>. Nalgún caso talvez poderíamos sospeitar se estamos ante esbozos de capitais que, posteriormente, serían susceptibles de recibir algún tipo de decoración (Fig. 4).

En todo momento estamos falando da decoración de documentos rexios de Xoán II referentes a Galicia. De todos modos, nesta época a decoración de pergamiños non se limitou aos saídos da chancelería real, como demostra unha carta de don Fadrique dirixida ao concello de Monforte pola que deixa constancia da exención do pago de rendas á granxa de Ousille do mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil (AHN, Clero Secular-Regular, carp. 1562,




Fig. 3. AHN, Clero Secular-Regular, carp. 510, nº 2




Fig. 4. AHN, Clero Secular-Regular, carp. 1843, nº 10

<sup>143</sup> AHN, Clero Secular-Regular, carp. 510, nº 2 (neste caso, porén, aparecen remarcados algúns detalles como o nome do monarca en tinta parda e vermella; Fig. 3); AHN, Clero Secular-Regular, carp. 510, nº 3; AHN, Clero Secular-Regular, carp. 525, nº 22; AHN, Clero Secular-Regular, carp. 557, nº 4; AHN, Clero Secular-Regular, carp. 1434, nº 10; AHN, Clero Secular-Regular, carp. 1552, nº 2; AHN, SIGIL-SELLO, C. 3, N. 4 (con selo pendente e conservado no fondo de Santa María de Melón); AHN, SIGIL-SELLO, C. 9, N. 11 (neste caso trátase dun documento a favor de San Salvador de Vilanova de Lourenzá que conserva o selo de chumbo pendente por fíos de seda verdes, vermellos, amarelos e brancos); AHN, SIGIL-SELLO, C. 12, N. 10 (tamén con selo de chumbo pendente e neste caso a favor de Oseira), todos eles dispoñibles a través do portal PARES (<http://pares.culturaydeporte.gob.es/>); ou, entre outros editados mais non dixitalizados, Cal Pardo 2015: 232-234, doc. 137.

<sup>144</sup> AHN, Clero Secular-Regular, carp. 1842, nº 8; AHN, Clero Secular-Regular, carp. 1843, nº 10. Ambos documentos proceden de Santa María de Oia e pódense consultar no portal PARES (<http://pares.culturaydeporte.gob.es/>).

nº 11). Neste documento (Fig. 5) a capital inicial destaca pola súa riqueza de detalles, tanto polas filigranas como pola rica combinación de cores e incluso por unha representación antropomorfa en forma de cabeza parlante.



Fig. 5. AHN, Clero Secular-Regular, carp. 1562, n.º 11

O outro elemento que concentra os esforzos decorativos destes dous documentos de Xoán II son os signos rodados<sup>145</sup> (Figs. 6 e 7). Precisamente, aínda que as rotas ou rodas non deixan de ser, ante todo, un signo máis de validación documental, a importancia visual e simbólica que tiveron dentro das chancelerías rexias atópase na orixe do propio “privilexio rodado” como tipo documental:

el documento más solemne expedido por las cancillerías reales de León y Castilla desde mediados del siglo XII hasta finales del siglo XV, un tipo documental propio y específico. Esta solemnidad se manifiesta en su gran formato, el uso para su confección de pergamino de la más alta calidad, una excelente caligrafía (que incluso llevó en alguna ocasión a hablar de un tipo específico de escritura denominado “letra de privilegios”), con uso de varios colores en la iluminación de su texto, además de poder llevar una ornamentación específica, y un gran aparato validativo, donde no solo aparece el rey, la reina, los infantes, los vasallos del rey otorgante (incluso monarcas y príncipes extranjeros) y los principales magnates laicos y eclesiásticos del reino ordenados geográficamente, sino que

añade una magnífica rueda documental dominando su parte inferior, así como un sello de plomo colgante. (Francisco Olmos 2017: 5)

Os dous exemplos que aquí nos ocupan enmárcanse dentro do empuxe que Jose María de Francisco Olmos (2017: 110-112) destaca na realización do deseño do signo rodado durante o reinado de Xoán II. Sen dúbida, son dous magníficos exemplos do coidado estético concedido a ese elemento de validación que tamén tiña unha profunda simboloxía (Pardo Rodríguez 1999).



Fig. 6. Signo rodado de BC, Perg. 343. Reg. 15206 (138 x 138 mm)



Fig. 7. Signo rodado de BC, Perg. 469. Reg. 4584 (152 x 153 mm)

<sup>145</sup> Sobre os signos rodados medievais véxase Francisco Olmos 2017.

En definitiva, os dous pergamiños de Xoán II referentes a Galicia que se conservan actualmente na Biblioteca de Catalunya e que, a través deste traballo, queremos dar a coñecer –é caso do vinculado a San Vicenzo do Pino (BC, Perg. 469. Reg. 4584) por ser ignorada a súa existencia até o de agora– ou recuperar tras a súa localización –sucede co procedente de Ribadavia ao estarmos realmente ante unha relocalización tras serlle perdida a pista no século XIX (BC, Perg. 343. Reg. 15206)–, caracterízanse non só pola súa forma e solemnidade, senón tamén por seren testemuño claro do que aquí queremos destacar: a relación permanente entre un rei e un reino – neste caso Xoán II e o reino de Galicia– á marxe de que o espazo concreto ao que foron destinados ambos documentos –aínda que hoxe se atopan noutro moi distinto– non formara parte do itinerario do monarca en cuestión. Parece que, máis alá da distancia, o rei reinaba a través da circulación de documentos e persoas e facíao no marco dun “Estado sobre rodas” (Arias Guillén 2018) que, de todos modos, contaba con non poucos territorios sobre os que o monarca debía reinar desde a distancia por non visitar en ningunha ocasión. Galicia foi un deses territorios en tempos de Xoán II.

### 3. Edición documental

Ofrecemos deseguido a presentación crítica dos dous documentos, editados de acordo cos criterios de regularización gráfica<sup>146</sup> establecidos pola Red Internacional CHARTA (<https://www.redcharta.es/>) para a edición dixital de textos hispánicos antigos (Sánchez-Prieto Borja 1998, 2012; CHARTA 2013). A transcripción paleográfica –así como a edición e o facsímile– poderá consultarse no CODEA (*Corpus de documentos españoles anteriores a 1900*,

<http://corpuscodea.es/>). Utilízanse os colchetes [ ] para a restitución das secuencias deterioradas emendables con seguridade. Inclúense todos os apuntamentos lexibles no anverso do documento e, no caso do segundo privilexio, ofrécese un confronto coa transcripción reproducida en Meruéndano 1908 (*vid. infra* n. 145).

### Documento 1

1419, decembro, 19. Valladolid

*Privilexio rodado de Xoán II a favor do mosteiro de San Vicenzo do Pino confirmándolle todos os foros, bos usos e bo costumes, así como todos os privilexios, exencións, doazóns e mercedes rexias dos que xa gozaba nos reinados dos seus predecesores.*

A. Biblioteca de Catalunya, Perg. 469, Reg. 4584, pergamiño, orixinal, castelán, gótica redonda caligráfica, 565 x 610 mm. Excelente estado de conservación. Varios apuntamentos ao dorso<sup>147</sup>.

Cit. López Peláez 1895: 158-159.

Sean cuantos este privilegio vieren como yo don Juan, por la gracia de Dios rey de Castilla, de León, de Toledo, de Galizia, de Sevilla, de Córdoba, de Murcia, de Jaén, del Algarbe, de Algezira e señor de Vizcaya e de Molina, por fazer bien e mercet e limosna al abad e convento del monesterio <sup>2</sup> de Sant Vicenço de Monforte, así a los que agora son como a los que serán de aquí adelante en el dicho monesterio, otórgoles e confirmoles todos los fueros e buenos usos e buenas costumbres que an e las que ovieron de que usaron e acostumbraron en tiempo de los reis onde yo vengo e del rey <sup>3</sup> don Juan mi ahuelo e del rey don Enrique mi padre e mi señor, que Dios dé santo paraíso. Otrosí les otorgo e confirmo todos los

<sup>146</sup> A interpretación das variantes (pre)signmáticas do <s> e do <z> é ás veces problemática en contexto implosivo (ex. Pérez/Peres, Fernández/Fernandes), como é habitual nesta época; porén, procuramos dar a lectura máis axustada de acordo co trazado máis ou menos redondeado ou perpendicular da grafía na súa parte superior.

<sup>147</sup> Na metade superior apuntouse no séc. XVI a seguinte nota: “En valladolid a veinte e çinco días del mes de mayo de myll e qujníentos e quarenta y tres años ante los señores presidente e oidores de la audiencia de sus magestades en audiencia publica presento este previllejio oreginal Juan de [...] en nonbre del abad monjes e convento del monasterio de monforte de lemos para en guarda de su derecho e prueba de su yntençion en el pleito que trata con la condesa de lemos e stando presente francisco de salas procurador al qual los dichos señores mandaron dar treslado y que rresponda para la primera abdiencia. Yo francisco de samaniego [...]”. Na metade inferior diferentes mans apuntarios os seguintes rexestos: “nº 4 prebillegio que izo el rey don Juan año de 1419”; “Leg. 1. num. 13. Priuilegio Rodado del Rey don Juan dado en Valladolid a 19 de septiembre de 1419 en que confirma todos los priuilejios que sus antezesores hauian dado asta entonzes al monasterio con los vsos, costumbres etcetera”; “Presentado y pasado por la Chanzilleria de Valladolid a 25 de Mayo de 1543 años en el pleyto con la Condesa de Lemos. Consta de la fee y testimonio puesto a su respaldo de francisco de”; “privilegio [...] del Rey don Juan”; “Preujllejo del rey don Juan que confirma a este monasterio todos sus previllejos y sentençias vsos y costunbres” (á esquerda desta nota: “hijo del Rey don enrique”).

preuilegios e cartas e alvalaes e se[n]tencias e franquezas e libertades e gracias e mercedes e oficios e donaciones e limosnas que tienen de los dichos reis onde <sup>4</sup> yo vengo, o dadas o confirmadas del dicho rey don Juan mi ahuelo e del dicho rey don Enrique mi padre e mi señor, que Dios dé santo paraíso. E mando que les valan e sean guardados e complidos si e segunt que mejor e más complidamente les valieron e fueron guardados e complidos en <sup>5</sup> tiempo de los dichos reis onde yo vengo e del dicho rey don Juan mi ahuelo e del dicho rey don Enrique mi padre. E defiengo firmemente por este mi preuilegio o por el traslado d'él abtorizado en manera que faga fe que alguno nin algunos non sean osados de les ir nin pasar contra ellos <sup>6</sup> nin contra parte d'ellos por gelos quebrantar nin menguar agora nin de aquí adelante en algunt tiempo que sea por alguna manera. E sobre esto mando a todos los concejos e alcaldes, jurados, juezes, justicias, merinos, alguaziles, maestros de las órdenes, priores, comendadores e sus comendadores alcaides <sup>7</sup> de los castillos e casas fuertes e llanas, e a todos los otros oficiales e aportellados de todas las cibdades e villas e lugares de los mis regnos que agora son o serán de aquí adelante, e a cualquier o a cualesquier d'ellos a quien este mi preuilegio fuere mostrado o el traslado d'él <sup>8</sup> abtorizado, segunt dicho es, que guarden e cumplan e fagan guardar e cumplir al dicho abat e convento del dicho monesterio de Sant Vicenço de Monforte con esta mercet e limosna que les yo fago, e que les non vayan nin pasen nin consientan ir nin pasar contra ella nin contra parte <sup>9</sup> d'ella so las penas que en los dichos preuilegios e cartas e alvalaes e sentencias se contiene. E cualquier que contra ello o contra parte d'ello les fuere o pasare que prenden en sus bienes por las dichas penas e las guarden para fazer d'ellas lo que la mi mercet fuere, e que enmienden e fagan enmendar <sup>10</sup> al dicho abat e convento del dicho monesterio o a quien su boz toviere de todas las costas e daños e menoscabos que por ende se les recrecieren doblados. E demás por cualquier o cualesquier por quien fincar de lo así fazer e cumplir, mando al omne que les este dicho mi preuilegio <sup>11</sup> mostrare o el dicho su traslado abtorizado como dicho es que los emplaze que parescan ante mí en la mi corte del día que los emplazare a quinze días primeros siguientes, so la dicha pena a cada uno a dezir por cuál razón non cumplen mi mandado. E mando so la dicha pena a cualquier escrivano público que para <sup>12</sup> esto fuere llamado que dé ende al que gelo mostrare testimonio signado con su signo por

que yo sepa en cómo se cumple mi mandado. E d'esto les mandé dar este mi preuilegio escrito en pargamino de cuero rodado e sellado con mi sello de plomo pendiente en filos de seda.

Dado en la villa de Valladolid, <sup>13</sup> diez e nueue días de deziembre, año del nacimiento del nuestro Señor Jesucristo de mill e cuatrocientos e diez e nueue años. <sup>14</sup> E yo el sobredicho rey don Juan, regnante en uno con la reina doña María, mi esposa, e con la infante doña Catalina, mi hermana, en Castilla, en León, en Toledo, en Galizia, en Sevilla, en Córdoba, en Murcia, en Jaén, en Baeça, en Badajoz, en el Algarbe, en Algezira, en Vizcaya, en Molina, otorgo este preuilejo e confirmolo.

(1ª col.) El infante don Juan, primo del dicho señor rey e infante de Aragón e de Secilia, confirma. El infante don Enrique su hermano, primo del dicho señor rey, maestre de Santiago, confirma. El infante don Pedro su hermano, primo del dicho señor rey, confirma. Don Alfonso Enríquez, tío del rey, almirante mayor de la mar, confirma. Don Ruy López de Dávalos, condestable de Castilla e adelantado mayor del regno de Murcia, confirma. Don Luis de Guzmán, maestre de la orden de la cavallería de Calatrava, confirma. Don Luis de la Cerda, conde de Medinaceli, vasallo del rey, confirma. Don Pedro, señor de Montalegre, vasallo del rey, confirma.

(2ª col.) Don Fadrique, tío del rey, conde de Trastámara e de Lemos e de Sarria, vasallo del rey, confirma. Don Enrique, tío del rey, confirma.

(3ª col.) Don Lope de Mendoça, arçobispo de Santiago, capellán mayor del rey, confirma. Don Pablo, obispo de Burgos, chanceller mayor del rey, confirma. Don Rodrigo de Velasco, obispo de Palencia, confirma. Don Alfonso de Arguello, obispo de Sigüença, confirma. Don Juan, obispo de Segovia, confirma. Don Juan, obispo de Ávila, confirma. Don Álvaro, obispo de Cuenca, confirma. Don Ferrando, obispo de Córdoba, confirma. Don Gutierri Gómez, admenistrador de la iglesia de Plazencia, confirma. Don Rodrigo, obispo de Jaén, confirma. Don frey Alfonso, obispo de Cádiz, confirma. Don frey Juan de Sotomayor, maestre de Alcántara, confirma. El prior del ospital de la casa de Sant Juan, confirma. Diego Gómez de Sandoval, adelantado mayor de Castilla, vasallo del rey, confirma. Garcí Fernandes Sarmiento, adelantado mayor del regno de Galizia, confirma.

(4ª col.) Diego Peres Sarmiento, reposte-ro mayor del rey, confirma. Juan Remírez de Arellano, señor de los Cameros, vasallo del

rey, confirma. Garcí Fernandes Manrique, señor de Agilar, vasallo del rey, confirma. Íñigo López de Mendoza, señor de la Vega, vasallo del rey, confirma. Don Pedro de Guivara, señor de Oñate, vasallo del rey, confirma. Ferrant Peres de Ayala, merino mayor de Gipúzcoa, confirma. Pero López de Ayala, aposentador mayor del rey e su alcalde mayor de Toledo, confirma.

(5<sup>a</sup> col.) Don Sancho de Rojas, arzobispo de Toledo, primado de las Españas, confirma (*signo rodado*: Signo del rey don Joan. Joan Fernando de Mendoza, mayordomo mayor del rey, confirma. Joan d'Avellaneda, alferze mayor del rey, confirma). Pedro de Estúñiga, justicia mayor de la casa del rey, confirma. Pedro de Velasco, camarero mayor del rey, confirma. Mendoza, guarda mayor del rey e señor de Almacán, confirma. Juan de Tovar, guarda mayor del rey, confirma. Per Afán de Ribera, adelantado mayor de la frontera, confirma. Alfonso Tenorio, notario mayor del regno de Toledo, confirma.

(6<sup>a</sup> col.) Don Diego, arzobispo de Sevilla, confirma. Don Diego Remírez de Guzmán, obispo de Oviedo, confirma. Don Juan, obispo de León, confirma. Don Diego Gómez de Fuente Salida, obispo de Çamora, confirma. Don Alfonso, obispo de Salamanca, confirma. Don frey García, obispo de Coria, confirma. Don frey Juan de Morales, obispo de Badajoz, confirma. La iglesia de Orenes, vaga. Don [Juan]<sup>148</sup> obispo de Tuy, confirma. Don Gil, obispo de Mondoñedo, confirma. Don Ferrando, obispo de Lugo, confirma. Diego Fernandes de Baena, mariscal de Castilla, confirma.

(7<sup>a</sup> col.) Don Enrique, tío del rey, conde de Niebla, vasallo del rey, confirma. Don Alfonso su hermano, señor de Lepe, vasallo del rey, confirma. Don Pedro de Castro, vasallo del rey,

confirma. Don Pero Ponce de León, señor de Marchena, vasallo del rey, confirma. Don Álvaro Peres de Guzmán, señor de Orgaz, alguacil mayor de Sevilla, vasallo del rey, confirma. Don Alfonso Fernandes, señor de Aguilar, vasallo del rey, confirma. Pero Manrique, adelantado e notario mayor del regno de León, confirma. Per Álvares Osorio, señor de Villalobos e de Castoverde, vasallo del rey, confirma. Diego Fernandes de Quiñones, merino mayor de Asturias, vasallo del rey, confirma. Pero García de Ferrera, mariscal de Castilla, confirma.

[<sup>15</sup> Yo Martín García de Vergara, escrivano mayor de los previllejos de los reinos e señorios de nuestro señor el rey, lo fiz escribir por su mandado en el año qu'el dicho señor rey tomó en sí el regimiento de los sus regnos e señorios<sup>149</sup> (*rúbrica*).

(*rúbrica e sinatura*) Fernandus, bachalarius in legibus.

## Documento 2

1420, abril, 17. Valladolid

*Privilexio rodado de Xoán II no que confirma o privilexio de Afonso X outorgado en Segovia o 30 de xuño de 1256 polo que eximia de empréstitos forzosos aos mercadores da vila de Ribadavia.*

A. Biblioteca de Catalunya, Perg. 343, Reg. 15206, pergamino, orixinal, castelán, gótica redonda caligráfica, 560 x 510 mm. Bo estado de conservación salvo por unha rotura inferior que afecta a parte da notificación notarial e unha extensa esgazadura restaurada posteriormente. Varios apuntamentos ao dorso<sup>150</sup>.

Ed. Publicado en Meruéndano 1908: 196-202<sup>151</sup>; Eiján 1920: 179-180 e 267-269.

Cit. Gamallo 2004: 14; Gonzalez Jiménez 2010: 264, n. 66; González Jiménez e Carmona Ruiz 2012: 189, doc. 1144.

<sup>148</sup> Hai un espazo en branco para o nome do bispo. Restituído a partir do outro privilexio.

<sup>149</sup> A notificación notarial foi redactada cunha letra máis cursiva (ou modalidade usual).

<sup>150</sup> Na metade superior constan as rúbricas e sinaturas de tres rexistradores, unha tras da outra: “alfonsus bachalarius in decretibus”, “Fernandus bachalarius in legibus” e “iohan in decretus bachalarius”. Na metade inferior aparecen algunhas notas e rexestos (pos)medievais, pouco lexibles e algúns en galego: “o abade fr[ei?] g[arcía?] [...]”, “prijlegios por que non pagen pedidos nen moedas (ms. mons.)”, “Para que los vezinos desta villa no sean apremiados [...] dinero contra su voluntad”, “Es vn privilegio del Rey [...] confirmando otro del Rey [Alfon]sso para los vezinos y moradores [...] no les saquen [...]”.

<sup>151</sup> Indicamos a continuación as diverxencias máis relevantes da nosa edición (en itálico) con respecto á transcripción decimonónica de Vicente Eguía reproducida por Leopoldo Meruéndano: *mostráronme los* (l. 5) > mostrarongelos; *otorgo a todos los cavalleros* (l. 9) > otorgo todos los privilegios; *empréstido a ome* (l. 10) > empréstido a ninguno; *fuera quien* (l. 10) > fuera ende que; *Abenaçar* (l. 14) > Abenazai; *Mate* (l. 14) > Mateo; *Alfonso Tellez* (l. 16) > Alfolio Tellez; *Pedro Guzmán* (l. 16) > Pedro Guiman; *Rodrigo Gómez el Niño* (l. 16) > Rodrigo Gomez, Merino; *Gutierra Suárez* (l. 17) > Garcia Suarez; *conde d'O vasallo* (l. 17) > conde é vasallo; *Mahomad Abenmahomad Abenhut* (l. 18) > Maomat Abenhut; *Don Guy* (l. 19) > D. Grey; *Abenmafot* (l. 19) > Menaben Manfot; *Cibat* (l. 20)



En el nombre de Dios Padre e Hijo e Espíritu Santo, que son tres personas e un solo Dios verdadero que vive e regna por siempre jamás, e de la bienaventurada Virgen gloriosa Santa Maria su madre, a quien yo tengo por señora e por abogada en todos los mis fe<sup>2</sup>chos e a onra e a servicio suyo e de todos los santos e santas de la corte celestial, quiero que sepan por esta mi carta de preuilegio todos los omes que agora son o serán de aquí adelante como yo don Juan, por la gracia de Dios rey de Castilla<sup>3</sup>, de León, de Toledo, de Galizia, de Sevilla, de Córdoba, de Murcia, de Jaén, del Algarbe, de Algezira e señor de Vizcaya e de Molina, vi un preuilegio del rey don Alfonso, de buena memoria que Dios perdone, escrito en pargamino de cuero rodado e <sup>4</sup> sellado con su sello de plomo pendiente en filos de seda fecho en esta guisa:

Conocida cosa sea a todos los omes que esta carta vieren como ante mí don Alfonso, por la gracia de Dios rey de Castilla, de Toledo, de León, de Galizia, de Sevilla, de <sup>5</sup> Córdoba, de Murcia e de Jaén, vinieron cavalleros de Ribadavia con personería de su concejo e mostráronme los agraviamientos que recibieron en tiempo del rey don Ferrando, mio padre, sobre los empréstidos que tomó de los mercaderos de la <sup>6</sup> villa de Ribadavia e de los que tomé yo después de su muerte, de que se tenían por agraviados e por desaforados, e pedíeronme merced que les non demandase empréstido de aquí adelante e que les guardase que non metiese costumbre mala nin desaguisada sobre <sup>7</sup> ellos, ca era cosa de que les podría venir grande daño e grande desafuero. E comoquier que los otros reis que fueron ante mí les fizieron otros bienes e otras mercedes, esta libertad nunca les fizieron. E yo por muy grant sabor que he de les fazer bien e merced e porque se <sup>8</sup> pueble mejor la villa de Ribadavia e porque los mercaderos que y venieren morar bivan seguros e por acrecentarles en sus bienes por que sean más ricos e más abondados e por guardarlos que non ayan sobre sí costumbre mala

nin desafuero nin cosa que se les tornase en daño <sup>9</sup> en el mi tiempo nin de los otros reis que vernán después de mí, otorgo a todos los cavalleros e a todos los mercaderos e a todos los moradores que son e serán de aquí adelante para siempre jamás en la villa de Ribadavia e en todo su término, que non den empréstido forçado a mí ni a los <sup>10</sup> que regnaren después de mí en Castilla e en León. E defiendo firmemente de aquí adelante que ninguno non sea osado de demandar empréstido a ome de Ribadavia nin de su término nin de lo forçar nin de lo costreñir nin de gelo tomar, fueras quien de su grado e de su libre voluntad me <sup>11</sup> lo quisiere emprestar. E cualquier que de aquí adelante quisiere ir contra este mio preuilegio por quebrantarlo nin por menguarlo en alguna cosa aya la ira de Dios todopoderoso lleneramente e sea maldicho e descomulgado con Judas, el traidor en los infiernos. E por que este preuilegio <sup>12</sup> sea firme e estable mandélo sellar con mio sello de plomo. Fecha la carta en Segovia por mandado del rey, postrimero día del mes de junio, en era de mill e dozientos e noventa e cuatro años. E yo el sobredicho rey don Alfonso, regnante en uno con la reina doña Yolante mi <sup>13</sup> muger e con mio fijo el infante don Ferrando en Castilla, en Toledo, en León, en Galizia, en Sevilla, en Córdoba, en Murcia, en Jaén, en Baeça, en Badajoz e en el Algarbe, otorgo este preuilegio e confirmolo. Don Sancho, eleto de Toledo e chanceller del rey, confirma. Don Felipe, ele<sup>14</sup>to de Sevilla, confirma. Don Aboadille Abenaçar, rey de Granada, vasallo del rey, confirma. Don Aparicio, obispo de Burgos, confirma. Don Ferrando, obispo de Valencia, confirma. Don Remondo, obispo de Segovia, confirma. Don Pedro, obispo de Sigüença, confirma. Don Gil, obispo de Osma, confirma. Don Mate, obispo de Cuenca, confirma. Don Benito, obispo <sup>15</sup> de Ávila, confirma. Don Aznar, obispo de Calahorra, confirma. Don Lope, eleto de Córdoba, confirma. Don Adán, obispo de Plazencia, confirma. Don Pascual, obispo de Jaén, confirma. Don frey

---

> Abdete; *Orenes* (l. 20 e col. 6) > Orense; *Silve* (l. 20) > Seliz; *Rodrigo Frolaz* (l. 22) > Rodrigo Froles; *Gonçalo Ramirez* (l. 22) > Gonzalo Perez; *Rodrigo Rodrigues* (l. 22) > Rodrigo Perez; *Xódar* (l. 23) > Iodar; *Luis de Guzmán* (col. 1) > Luis de Guiman; *Medinaceli* (col. 1) > Mesina Celi; *Rodrigo de Velasco* (col. 3) > Pedro de Velasco; *Don Álvaro* (col. 3) > D. Albarce; *Don Rodrigo* (col. 3) > D. Pedro; *frey Alfonso* (col. 3) > Frey Antonio; *Juan de Sotomayor, mestre* (col. 3) > Juan de Soto, Mayor Mestre; *Jóan Fernando de Mendoza* (signo) > Juan Mariano de Mendoza; *Fuente Salida* (col. 6) > Fuente Santa; *Don Alfonso* (cols. 6 y 7) > D. Antonio; *Alfonso Tenorio, notario* (col. 8) > Alonso Mopo, Merino; *Martín García* (l. 36) > Domingo García; *escriuano mayor de los preuilejos de los regnos e señorios de nuestro señor* el rey (l. 36) > Escribano mayor de los Reynos, Escribano del Rey; *Fernandus, bachalarius in legibus* (sinatura final) > Fernando Baeza, certificado.

Pedro, obispo de Cartajena, confirma. Do[n] Pedro Ivañes, maestre de la orden de Calatrava, confirma. Garcí Suárez, merino mayor del regno de Murcia, confirma. Don Ferrando, obispo de Palen<sup>16</sup>cia, notario del rey en Castilla, confirma. Don Alfonso de Molina confirma. Don Fadrique confirma. Don Nuño Gómez confirma. Don Alfonso López confirma. Don Simón Ruiz confirma. Don Alfonso Téllez confirma. Don Ferrant Ruiz de Castro confirma. Don Pero Núñez confirma. Don Nuño Guillén confirma. Don Pedro Guzmán confirma. Don Rodrigo Gómez el Niño confirma. Don Ro<sup>17</sup>drigo Alvarez confirma. Don Ferrant Garcí confirma. Don Alfonso Garcí confirma. Don Diego Gómez confirma. Don Gómez Ruiz confirma. Don Gutierri Suárez confirma. Don Suer Telles confirma. Don Alfonso, hijo del rey Juan emperador de Costantinopla e de la emperatriz doña Berenguella, conde d'O, vasallo del rey, confirma. Don Luis, hijo del emperador e de <sup>18</sup> la emperatriz sobredichos, conde de Belmonte, vasallo del rey, confirma. Don Juan, hijo del emperador e de la emperatriz sobredichos, conde de Monforte, vasallo del rey, confirma. Don Mahomad Abenmahomad Abenhut, rey de Murcia, vasallo del rey, confirma. Don Gastón, visconde de Beart, vasallo del rey, <sup>19</sup> confirma. Don Guy, visconde de Limoges, vasallo del rey, confirma. Don Juan, arçobispo de Santiago, chancellor del rey, confirma. Don Manuel confirma. Don Ferrando confirma. Don Luis confirma. Don Abenmafot, rey de Niebla, vasallo del rey, confirma. Don Martín, obispo de León, confirma. Don Pedro, obispo de Oviedo, confirma. Don Suero, obispo de Çamora, confirma. Don Pedro, <sup>20</sup> obispo de Salamanca, confirma. Don Pedro, obispo de Astorga, confirma. Don Leonard, obispo de Cibdat, confirma. Don Miguel, obispo de Lugo, confirma. Don Juan, obispo de Orenes, confirma. Don Gil, obispo de Tuy, confirma. Don Juan, obispo de Mondoñedo, confirma. Don Pedro, obispo de Coria, confirma. Don frey Ruberte, obispo de Silve, confirma. Don frey Pedro, obispo de Badajoz, confirma. Don Pelay <sup>21</sup> Peres, maestre de la orden de Santiago, confirma. Don Garcí Fernandes, maestre de la orden de Alcántara, confirma. Don Martín Núñez, maestre de la orden del Temple, confirma. Gonçalo Morante, merino mayor de León, confirma. Ruy Suárez, merino mayor de Galizia, confirma. Don Suero, obispo de Çamora, notario del rey en León, confirma. Don Alfonso Fernández, hijo <sup>22</sup> del rey, confirma. Don Rodrigo Alfonso confirma. Don Martin Alfonso confirma. Don Rodrigo Gómez

